

Estudo sobre a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica (Unificación normativa da tramitación integral das actividades e obras en Galicia)

## Estudio sobre la Ley 9/2013, de 19 de diciembre, del emprendimiento y de la competitividad económica de Galicia. (Unificación normativa de la tramitación integral de las actividades y obras en Galicia)

46  
Regap

Study on the Law 9/2013, of the 19<sup>th</sup> of December, of the entrepreneurship and of the economic competitiveness (Normative unification of the integral procedure of the activities and works in Galicia)

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

ALBERTO PENSADO SEIJAS

Licenciado en Dereito e Ciencias Políticas

Funcionario de carreira do Departamento de Urbanismo do Excmo.

Concello de Lalín (Galicia, España)

albertopensado2@hotmail.com

Recibido: 10/03/2014 | Aceptado: 05/06/2014

**Resumo:** *O presente estudo pretende amosar a “revolución copernicana” na tramitación de todas as actividades na Comunidade Autónoma Galega (inocuas, de incidencia / impacto ambiental e espectáculos públicos), tras a recente publicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e competitividade económica de Galicia.*

*A figura da Comunicación Previa despraza de xeito definitivo aos outros instrumentos de intervención administrativa (licenzas, permisos, declaracións de responsables), levando a un novo paradigma procesual.*

**Palabras clave:** *tramitación; actividades; Galicia; comunicación; intervención; paradigma.*

**Resumen:** *El presente trabajo pretende dar a conocer el “giro copernicano” en la tramitación de todas las actividades en la Comunidad Autónoma Gallega (inocuas, de incidencia / impacto ambiental y espectáculos públicos) a raíz de la reciente publicación de la Ley 9/2013, de 19 de diciembre, del emprendimiento y de la competitividad económica de Galicia.*

*La figura de la Comunicación Previa ha desplazado definitivamente a los demais instrumentos de intervención administrativa (licenzas, autorizacións, declaracións responsables), dando lugar a un nuevo paradigma procedimental.*

**Palabras clave:** tramitación; actividades; Galicia; comunicación; intervención; paradigma.

**Abstract:** *This paper tries to present the “Copernican revolution” in the processing of all activities in the Autonomous Community of Galicia (innocuous, incident / environmental impact and public shows) following the recent publication of Law 9/2013 of 19 December, entrepreneurship and economic competitiveness of Galicia.*

*Preview Communication has definitely shifted to other instruments of administrative intervention (licenses, authorizations, declarations responsible), leading to a new procedural paradigm.*

**Key words:** processing; activities; Galicia; Communication; intervention; paradigm.

**Índice:** 1. Introducción. 2. Cambios e modificacións da Lei 9/13 respecto á anterior regulación das actividades. 2.1. Cambio de paradigma nos administrados e na Administración. 2.1.1. Inocuas. 2.1.2. Con incidencia ambiental. 2.1.2.a. A Disposición Derrogatoria Segunda da Lei derroga o Decreto 133/08 de avaliación de incidencia ambiental. 2.1.2.b. Variación da tramitación. 2.1.2.c. As obras referentes á actividade de incidencia ambiental. 2.1.2.d. Actividades “clasificadas” que superen os 750 m<sup>2</sup>. 2.1.3. Actividades sometidas a impacto ambiental. 2.1.3.a. Comunicación previa e actividades sometidas a impacto ambiental. 2.1.3.b. Novidades introducidas pola Lei de Garantía de Unidade de mercado respecto ás actividades inocuas e de incidencia ambiental. 2.1.3.c. Novidades introducidas pola Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental respecto á lexislación sectorial. 2.1.4. Actividades recreativas e espectáculos públicos. 2.1.4.a. Ámbito Sanitario. 2.1.4.b. Instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento e carteis vistos desde a vía pública. 2.1.5. Outras actividades. 2.1.6. Obras que levan a cabo as empresas de distribución de gas, electricidade e explotacións mineiras. 2.1.6.a. Actos de uso do solo e subsolo competencia da Xunta de Galicia. 2.1.6.b. Actos de uso do solo e subsolo competencia dos Concellos. 2.1.7. Cambio de titularidade de actividades. 2.1.8. Eficacia en todo o territorio nacional das actuacións administrativas. 2.1.19. Actividades en edificacións fóra de ordenación. 3. O réxime sancionador. 4. As Eccom. 5. Modificacións Louga respecto ás licenzas urbanísticas. 5.1. Prodécese variacións respecto aos supostos suxeitos a licenza urbanística. 5.2. Difuminación entre os conceptos de obras maiores e menores. 5.3. Legalizacións. 5.4. Exclusión das multas coercitivas en actos urbanísticos distintos ás obras (actividades). 5.5. Novidade introducida pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. 6. Desenvolvemento Regulamentario da Lei. 7. Réxime Transitorio. 8. Efectos do silencio nas distintas figuras de Intervención Administrativa. 9. Inaplicación do Plan “Emprende en 3” nos Concellos de Galicia?

## 1 Introducción

A vontade manifesta tanto do lexislador estatal como dos autonómicos en dar impulso á economía a través dos métodos de intervención administrativa nas actividades non ten parangón.

**A supresión da figura da licenza** tras a Directiva de Servizos foi callando na nosa lexislación coas Leis 17/2009 (paraugas) e 25/2009 (ómnibus) e posteriormente co art. 41 da Lei 2/2011 de Economía sostible, que engadiu o art.84.bis á Lei 7/85 de Bases de Réxime Local e así foi definitivamente instaurada na normativa Galega a través do fundamental art.23 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

O continuo bombardeo de lexislación nas últimas datas sobre esta materia, deixa os operadores xurídicos e técnicos ante novos e constantes retos que proceden de todas estas actualizacións.

Se xa 2012 foi prolífico na materia (RDL 19/12 de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos e a posterior Lei 12/12), o 2013 rematou da mesma maneira (Lei 20/13 de garantía de unidade de mercado, Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización) e na Comunidade Autónoma a súa propia Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

**Demasiada normativa en tan breve espazo de tempo que confunde tanto a administrados como Administracións, e leva consigo tan temida inseguridade xurídica.**

**As técnicas lexislativas empregadas tampouco son as axeitadas** xa que estas leis mesturan aspectos puramente económicos con outras materias sectoriais, que aínda que garden certa relación deberían ser obxecto dun tratamento diferenciado.

As actividades económicas son sen dúbida un dos motores da economía, mais a progresiva redución de prazos e trámites, moitas veces non é a solución, senón o problema.

O **Preámbulo** da nova lei no seu punto 8 é significativo:

8

*A Comunidade Autónoma, a través da Lei 1/2010, de 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia e o seu desenvolvemento regulamentario, efectuou un fondo proceso de adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa a os servizos no mercado interior, proceso complementado coa simultánea tramitación telemática dos procedementos e a creación da sede electrónica. O resultado desa adaptación é a xeneralización da comunicación previa ou a declaración responsable como medio de control administrativo nos procedementos da Xunta de Galicia, de modo que a autorización previa é excepcional e case residual.*

*Porén, o proceso non pode culminar sen que as administracións locais eliminen as trabas administrativas previas ao exercicio de actividades. Nese proceso cómpre salientar, por unha parte, a introdución da comunicación previa ao inicio de actividades comerciais, introducida pola Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, e, por outra parte, a decidida intervención do Estado con normas como a Lei 25/2009, de 22 de decembro; a Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sostible, que introduce novos artigos 84 bis e ter na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e suprime a licenza de actividade, e a Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e determinados servizos. Cómpre salientar tamén a actividade de moitos dos entes locais que establecen ordenanzas que introducen a comunicación previa ou declaración responsable nas actividades. Neste último caso, o labor non pode completarse sen que a Comunidade Autónoma estableza un réxime xurídico único e estable nas actividades que regula pero que non autoriza, ao ser competencia exclusivamente municipal e estar sometida a licenza de actividade. Son as denominadas actividades inocuas, as clasificadas e as actividades recreativas e os espectáculos públicos.*

***A Comunidade Autónoma carece dunha regulación común do réxime de control administrativo das actividades. A regulación existente, ou é estatal e se aplica supletoriamente —caso das actividades inocuas co Regulamento de servizos das corporacións locais de 1955—, ou ten que ser actualizada para adaptala ao novo marco normativo —caso do Decreto 133/2008—, ou se atopa fragmentada —caso dos espectáculos públicos, regulados por un regulamento estatal de 1982 e por un catálogo aprobado por decreto da Xunta de Galicia.***

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

*O novo texto establece un réxime xurídico único do exercicio de actividades en Galicia, eliminando de maneira plena e efectiva a licenza de apertura previa á instalación e ao inicio da actividade (licenzas de actividade ou instalación e de apertura ou funcionamento). Neste sentido, a lei dá cumprimento en Galicia ao disposto no artigo 41 da Lei de economía sostible, o cal determina que, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo.*

*Para que a liberalización de actividades sexa efectiva cómpre modificar a regulación das licenzas de obra, de modo que se establece un réxime xeral que é o da comunicación previa xunto cunha reserva para a licenza naqueles casos en que unha norma estatal así o esixe, singularmente a Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, e o máis recente artigo 23 do Real decreto lei 8/2011, de 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.*

Esta declaración de intencións “unificadora” é reafirmada no texto legal polo art. 1.2. da Lei:

**“2. Tamén é obxecto desta lei a regulación do réxime xurídico e dos instrumentos de intervención administrativa aplicables á instalación e apertura de establecementos e ao exercicio de actividades económicas e a regulación do réxime de comunicación previa administrativa para o exercicio de actividades e a realización de actos de uso do solo e do subsolo.”**

Aquí vemos como a comunicación previa se erixe como o instrumento fundamental, pero non xa só do exercicio de actividades senón tamén das obras “menores”.

## 2 Cambios e modificacións da Lei 9/13 respecto á anterior regulación das actividades

O art.24 da nova Lei é a folla de ruta sobre a que xira todo o sistema, é dicir a Comunicación Previa é o bastión da nova Lei:

### Concepto

Hai que partir dos artigos 24 da Lei 9/13 e 71 bis da Lei 30/92 para definir a figura da comunicación previa.

#### **«Artigo 71 bis. Declaración responsable e comunicación previa**

*(...) 2. Aos efectos desta Lei, entenderase por comunicación previa aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido no artigo 70.1. (...)*»

## «Artigo 24. Comunicación previa

1. *Con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, no seu caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/as interesados/as presentarán ante o concello respectivo comunicación previa na que porán en coñecemento da administración municipal os seus datos identificativos e achegarán documentación acreditativa dos requisitos esixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación. (...)*»

### Elementos

A comunicación previa está formada basicamente polo **escrito de presentación que conterá os datos identificativos** aos que se refire o art.70.1 da *Lei 30/92*, é dicir:

- Nome e apelidos do interesado e, no seu caso, da persoa que o represente, así como a identificación do medio preferente ou do lugar que se sinala a efectos de notificacións.
- Feitos, razóns e petición en que se concrete, con toda claridade, a solicitude.
- Lugar e data.
- Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.
- Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe.

**O segundo elemento fórmao a documentación** que esixe o art. 24.1 da *Lei 9/13*:

- Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Declaración de que se cumpre con todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación.
- A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os requisitos necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- No seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na presente lei.

A falta da integridade de calquera destes 2 elementos suporá a **ineficacia** da presentación da comunicación previa e requirirá a **subsanción** nos termos do art. 71 da *Lei 30/92*,

Regap



ESTUDOS E NOTAS

para o cal o interesado terá o prazo de **10 días, podendo segundo as circunstancias ampliarse en 5 días.**

### **Autorizacións e Informes Sectoriais preceptivos:**

O Art. 24 da *Lei 9/13* establece o guiión-marco arredor da nova regulación e destaca a necesidade de presentar todas as autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos para tramitar a Comunicación **Previa. A modo de enumeración, en ningún caso exhaustiva, dado o número de sectores afectados, traemos a conto as seguintes autorizacións que poderían ser necesarias:**

#### Camiños de Santiago

*Lei 3/1996*, de 10 de maio, de *protección dos tramos dos Camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia.*

##### «Artigo 18

(...)2. *O outorgamento de licenzas municipais para actividades autorizables que afecten ao Camiño de Santiago, ás súas zonas laterais de protección e á zona de protección do entorno precisará da resolución previa da Consellería de Cultura, **previo informe preceptivo do Comité Asesor do Camiño de Santiago. Polo tanto, non poderá outorgarse a licenza ata que a autorización sexa notificada ao concello. (...)***»

#### Patrimonio Cultural de Galicia

*Lei 8/1995*, de 30 de outubro, de *Patrimonio cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.*

##### «Artigo 37. Autorización das intervencións

*Calquera intervención que pretenda realizarse nun inmovible declarado ben de interese cultural haberá de ser **autorizada pola Consellería de Cultura, previamente á concesión da licenza municipal**, coa salvidade que supón o previsto no artigo 47.2 da presente Lei.»*

##### «Artigo 40. Licenzas

- 1. A obtención das autorizacións necesarias segundo a presente Lei non altera a obrigatoriedade de obter licenza municipal nin as demais licenzas ou autorizacións que fosen necesarias.*
- 2. **Non poderán outorgarse licenzas para a realización de obras que, de acordo coa presente Lei, requiran calquera autorización administrativa, ata que esta fose concedida. (...)***»

#### Estradas de Galicia

*Lei 8/2013*, de 28 de xuño, de *estradas de Galicia.*

## «Artigo 47. Réxime xeral e competencia

1. A execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección está suxeita ao deber de obter a **correspondente autorización previa**, salvo que expresamente sexa permitida pola presente lei ou polo seu regulamento.
2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección corresponde á **administración titular da estrada**.

No caso de obras, instalacións ou actividades, non executadas pola administración titular da estrada, na parte da zona de dominio público dos tramos urbanos distinta das calzadas e das súas arcenes, **as citadas autorizacións serán outorgadas polos concellos, previo informe vinculante da administración titular da estrada. Ese informe será tamén preciso no caso de obras que vaia realizar o propio concello.**

3. No outorgamento de autorizacións imporanse as condicións que, en cada caso, se consideren axeitadas para evitar danos e prexuízos á estrada, ás zonas de protección, aos seus elementos funcionais, á seguridade da circulación viaria ou á axeitada explotación da estrada.
4. **A autorización á que se refire este precepto é independente e enténdese sen prexuízo doutras licenzas ou autorizacións que sexan necesarias para a execución das obras, instalacións ou actividades de que se trate.»**

## Augas de Galicia

Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

## «Artigo 11. Competencias

Corresponden a augas de Galicia:

(...) 6. En materia de **verteduras**:

- a) **A autorización e control das verteduras de augas urbanas ou industriais ao dominio público** hidráulico, así como da eventual reutilización dos efluentes, e, en xeral, as demais funcións que a lexislación atribúe aos organismos de conca.
- b) **A autorización das obras e instalacións de verteduras desde terra ás augas do litoral galego e o exercicio das funcións de policía sobre os mesmos.(...) »**

## Documentación adicional

Xorde a dúbida de se é posible e conveniente por parte da Administración pedir máis documentación da reflectida no citado art.24 da Lei.

Respecto a esta disquisición atopámonos con 2 posturas:

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

Unha primeira postura baseada no principio de autonomía local e a potestade de autoorganización por parte dos Entes Locais defende que si cabería esta posibilidade, sempre que fose debidamente fundamentada.

Outra postura atopada sería aquela que defende que as Ordenanzas Locais non poderían ir en contra da Lei 9/13, que devén da propia Directiva de Servizos Europea, e non poderían ir contra os postulados desta última (principios de mínima intervención, liberdade de establecemento, liberdade de comercio). Todo iso baixo o prisma do novo Real Decreto 515/2013, de 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea. Con este Real Decreto, o responsable sería o Estado Español, pero este pode "**repetir**" a responsabilidade na administración infractora.

## Características

**Documento** (Art. 71 *Lei 30/92*): Escrito en soporte papel ou informático, xa que se permite a presentación telemática (Art. 24.4 *Lei 9/13*).

**De feito o Plan Emprende en 3 estatal recolle só a posibilidade de presentación telemática do modelo de "Declaración Responsable" que figura na plataforma. Desde a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia están traballando na incorporación da Comunicación Previa recollida na Lei 9/13 a esta Plataforma Estatal.**

Deste xeito cabería non só a presentación en formato papel, senón tamén mediante soporte informático. Aquí o problema radica nos Concellos que non teñan implantada a Administración electrónica, xa que a documentación debe vir asinada dixitalmente para poder ser verificada. A falta destes medios, fai inviable a presentación telemática nos termos da *Lei 11/2007*, de 22 de xuño, de *acceso electrónico aos servizos públicos*.

Malia a instauración do control "**ex post**", como **procedemento ordinario de comprobación**, o art.29 da nova Lei establece a **posibilidade do control "a priori"** tras a previa solicitude do interesado. Deste xeito conviven na nova normativa ambos os dous modelos de control, aínda que o primeiro sexa o xeral e o segundo o excepcional.

Antes de entrar na regulación de cada tipo de actividade, parece conveniente salientar que na figura escollida para tramitar as mesmas, a comunicación previa introduciuse un aspecto innovador no artigo 25 da lei, constituíndose como **actos xurídicos dos particulares**, mentres que o artigo 71 da Lei 30/92 se limita a denominalo "*documento*".

A súa configuración como acto xurídico do particular fora xa proposta con anterioridade por parte da doutrina (Razquin Lizarraga), quedando irrefutable no ámbito galego e como pioneiro no territorio estatal.

*"Artigo 25. Efectos da comunicación previa.*

**1. A comunicación previa presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular** que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e, no seu caso, para o inicio da obra ou



*instalación, e faculta á administración pública para verificar a conformidade dos datos que nela se conteñen.”*

*“Artigo 71 bis. Declaración responsable e comunicación previa.*

- 2. Aos efectos desta Lei, entenderase por comunicación previa aquel **documento** mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido no artigo 70.1.*
- 3. As declaracións responsables e as comunicacións previas producirán os efectos que se determinen en cada caso pola lexislación correspondente e permitirán, con carácter xeral, o recoñecemento ou exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade, desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teñan atribuídas as Administracións Públicas.”*

Resulta interesante a modificación introducida polo Art. 194 da LOUGA:“(…) A **comunicación previa implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen posúe a propiedade dos terreos, ou dos empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado (...)**”.

Velaquí unha mostra do carácter de acto xurídico da comunicación previa e os seus efectos.

Consecuencias e responsabilidades

**Inexactitude, falsedade ou omisión nos datos achegados na comunicación previa** (Art. 26 Lei 9/13): Provoca a **declaración de ineficacia da comunicación** efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento no que se coñece, sen prexuízo das **sancións** que procedese impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa firme de inexactitude, falsedade ou omisión nos datos achegados na comunicación previa comportará o **inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades**, a **reposición da legalidade**, así como a **imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado de entre tres meses a un ano**.

**Modificación e adaptación continua** (Art. 27 Lei 9/13): Necesaria **nova Comunicación Previa** nos casos de **modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento**.

**Procedemento de reposición da legalidade en materia de actividades:** Remítese á reposición da legalidade en materia urbanística. (Art. 209 e 211 LOUGA).

**Procedemento Sancionador en materia de actividades:** (Arts. 134-138 Lei 30/92 e Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto, polo que se aproba o *Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora*).

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

**Responsabilidade Solidaria** (Art.194 LOUGA): Promotor, propietario, empresarios das obras, técnicos redactores do proxecto e directores das obras e de execución.

## 2.1 Cambio de paradigma nos administrados e na administración

O artigo 24, que como dixemos con anterioridade, é o guión na nova tramitación das actividades e as obras, outorga un papel primordial aos interesados como suxeitos activos na tramitación dos expedientes, perdendo os Concellos o seu carácter de fío condutor e coordinador de actuacións ante as demais Administracións e entes públicos. Serán os administrados, os que directamente traten con estes para obter os informes sectoriais ou autorizacións.

Deste xeito xorden cambios no modo de proceder na tramitación dos expedientes, que debe verse reflectido na normativa actual.

Traemos a conto o **artigo 10 do Decreto 39/2007**, de 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento das comisións territoriais do Patrimonio Histórico Galego, establece que a presentación de solicitudes para a súa tramitación pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e que teñan que ser informadas polas comisións deberá realizarse a través do correspondente Concello.

Así, calquera interesado non podería presentar directamente a súa solicitude ante a Comisión territorial, e por ende, non obter o informe preceptivo requirido, que debe achegar á Comunicación previa segundo o citado art.24. Entendemos, que en casos como este, debe producirse unha integración normativa, xa que se produce unha clara colisión entre os postulados da Lei 9/13 e o funcionamento interno de órganos sectoriais, que dificulta a ordenación dos procedementos.

No lado oposto estaría o Servizo de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, onde na súa páxna web xa existe o modelo de solicitude para os interesados para tramitar a Declaración de Incidencia ambiental e o modelo de pagamento de taxa da mesma. Co cal demostra a súa adaptación á nova realidade.

Pasando a estudar os diversos tipos de actividades recollidas,

### 2.1.1 Inocuas (art. 23-30)

En primeiro lugar dicir que o establecido polo preámbulo da nova lei respecto á regulación das actividades inocuas baseada no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que quedou obsoleto e desfasado, non se corresponde coa realidade, xa que como dixemos só é residual, sendo a regulación deste tipo de actividades a recollida na Lei 12/12 e non no anterior.

**As actividades inocuas serán tramitadas por Comunicación Previa, denostando a declaración responsable.** A Comunicación Previa empregarase a teor dos artigo 24.2 da Lei 9/13 e 196.2 da LOUGA (na súa nova redacción), tanto respecto ás actividades como ás obras no caso de ser "*menores*" e no caso de ser obras "*maiores*" coa respectiva licenza.

Deste xeito a introdución realizada pola Lei 8/12 de vivenda de Galicia sobre a LOUGA no seu artigo 195.5 bis atopa acomodo na figura da comunicación previa.

*“Artigo 195. Procedemento de outorgamento de licenzas*

*5 bis. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, **os concellos poderán establecer procedementos abreviados de obtención de licenzas de obras menores no mesmo momento da solicitude.**”*

Parece que podería deducirse que se xeraliza vía Lei Autonómica o establecemento da comunicación previa como ese suposto de **“procedementos abreviados de obtención de licenzas de obras menores”**. Pero cabe preguntarse se xa que a LOUGA mantén a redacción anterior, poderían os **Concellos propoñer outros sistemas abreviados distintos á comunicación previa... (ex. Declaración Responsable).**

Superficie máxima para as actividades inocuas

**Disposición final terceira da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, que segundo a Disposición Final Sétima da mesma entrou en vigor o 11/12/13.**

*«Artigo 2. Ámbito de aplicación.*

*As disposicións contidas no Título I desta Lei aplicaranse ás actividades comerciais minoristas e á prestación de determinados servizos previstos no anexo desta Lei, realizados a través de establecementos permanentes, situados en calquera parte do territorio nacional, e cuxa superficie útil de exposición e venda ao público non sexa superior a **750 metros cadrados.**»*

Previamente conforme ao apartado 2 da Disposición Final Sétima da Lei 14/13 de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización producírase outra modificación do artigo 2.1. de Lei 12/2012, pasando a superficie de **300** (como antes expuxemos) a **500 m<sup>2</sup>**.

Neste punto, convén traer a conto a *Disposición final décima da Lei 12/12 “Ampliación polas Comunidades Autónomas do umbral de superficie, do catálogo de actividades e outros supostos de inesixibilidade de licenzas”* na súa redacción dada polo número dous da disposición final terceira da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado:

*«As **Comunidades Autónomas**, no ámbito das súas competencias, **poderán ampliar o umbral de superficie** e o catálogo de actividades comerciais e servizos, previstos no Título I e no anexo desta Lei, así como determinar calquera outros supostos de inesixibilidade de licenzas. Así mesmo, **poderán establecer regulacións sobre estas mesmas actividades con menor intervención administrativa, incluíndo a declaración de inocuidade.**»*

En base ao anterior, existe Doutrina que entende que a nivel galego non se aplicaría o límite dos 750 m<sup>2</sup>, xa que a Lei 9/13 estaría facendo uso das facultades da Disposición final décima da Lei 12/12. Esta interpretación, ao meu entender parece superficial e vaga, xa que

Regap



ESTUDOS E NOTAS

a *Lei 9/13* non establece unha menor intervención administrativa nin amplía o umbral de superficie de modo expreso.

Esta posible regulación, cando menos, debería figurar de modo tallante, polas posibles consecuencias xurídicas que podería traer consigo. Interpretar unha regulación tácita ou implícita neste tipo de cuestións, contradicindo mesmo unha norma estatal como a *Lei de Garantía de Unidade de Mercado*, esixe canto menos un mínimo de seguridade xurídica.

**Consultada a Consellería de Economía e Industria como o Ministerio de Economía e Competitividade establecen que a lei galega é perfectamente compatible coa normativa estatal e supón unha mellora e unha menor intervención administrativa. Co cal en Galicia non existe a licenza de actividade, apertura, instalación ou funcionamento. A regulación vixente sobre actividades e obras en Galicia só contempla a comunicación previa. E ao non existir, é ocioso pensar se unha actividade comercial ou de servizos de máis de 750 m<sup>2</sup> ou calquera outra actividade non comprendida na *Lei 12/2012* vai precisar unha licenza que xa non existe.**

**Polo tanto non opera o límite de 750 m<sup>2</sup> para as actividades inocuas en Galicia.**

**Exemplo de tramitación: Tenda de roupa de 60 m<sup>2</sup> que require obras de acondicionamento “menores”.**

O interesado terá que presentar Comunicación previa de obras ante o Concello coa documentación preceptiva do art.24 da Lei 9/13. Pasados 15 días desde a presentación e sen recibir requirimento ningún por parte da administración poderá iniciar as obras.

Unha vez rematadas as obras deberá presentar a Comunicación Previa do inicio da actividade onde estipule que as obras remataron e en principio non debería achegar documentación ningunha, xa que debeu presentala no seu día xunto coa Comunicación previa das obras.

O Concello outorgará acordo de eficacia da Comunicación Previa de estar todo correcto.

## 2.1.2 Con incidencia ambiental (art. 31-38)

A nova lei volve remarcar a intención de que as licenzas desaparezan dunha vez por todas da nosa lexislación. Esta persecución propia da Inquisición comezara xa con anterioridade coas actividades inocuas, pero esta Lei foi máis alá establecendo a **Comunicación Previa como cauce único para iniciar as actividades con incidencia ambiental.**

Por outro lado, volveuse máis laxa a regulación deste tipo de actividades, equiparándoas na súa tramitación ás inocuas.

### 2.1.2.a. A Disposición Derrogatoria Segunda da Lei derroga o Decreto 133/08 de avaliación de incidencia ambiental

Deste xeito a lei pretende alzarse como o único instrumento que regule esta materia de forma integral en Galicia.

A nova lei recolle un **único Anexo coas actividades sometidas a incidencia ambiental**, deste modo desaparecen os Anexos II e III do anterior Decreto. Entendo que isto se leva a cabo por motivos de simplificación, pero mentres podía ser defendible a supresión do Anexo III, xa que as actividades inocuas veñen recollidas na normativa de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, non vexo tan plausible a supresión do Anexo II pois daba cabida á consulta previa que se realizaba ao órgano ambiental para o sometemento ou non da actividade e establecía uns criterios para iso, aínda que ao noso entender non existe óbice para realizala.

### 2.1.2.b. Variación da tramitación

A tramitación variou sensiblemente, xa que o Ditame de Incidencia ambiental estaba subsumido na licenza de actividade, mentres que agora parece un trámite independente solicitado polo interesado, co cal a solicitude da declaración é presentada directamente por el mesmo (como expuxemos arriba, entendemos que malia non estar recollida, o interesado poderá realizar a **consulta** recollida no Decreto 133/08). A existencia desta marcada dualidade de procedementos alivia a tramitación por parte da Entidade Local, que se limita á notificación por parte do órgano ambiental da declaración e a emisión de informe de compatibilidade urbanístico e medioambiental a petición do órgano ambiental.

A **exposición pública** vese tamén alterada mediante **inserimento do proxecto na web da Consellería por espazo de 15 días**, sen prexuízo de notificacións ás persoas públicas ou privadas que se estimen oportunas. Novamente o peso da tramitación nesta fase recae no órgano ambiental, que con anterioridade realizaba integramente o ente local.

Como vemos, os Concellos perden a súa condición de órgano **“substantivo”**.

**A declaración deberá emitirse no prazo de 2 meses desde a presentación da solicitude, sendo o silencio positivo.** O art. 24 da Lei 9/13 establece que coa solicitude de declaración de incidencia ambiental **deberá achegarse** unha serie de documentación, co cal entendemos que sen a mesma a solicitude non terá viabilidade por non cumprir todos os requisitos e os prazos **non** comezarán a contar. O órgano ambiental non pode soslayar o seu deber de requirir a subsanación da solicitude deficiente.

O establecemento do silencio administrativo positivo podería levar consigo a situación de que o interesado presente a Comunicación Previa coa copia da súa solicitude con rexistro de entrada do órgano ambiental que acredite que se superaron os 2 meses e deste modo ver resolta de forma positiva a súa solicitude de Declaración de Incidencia ambiental, aínda que como dixemos a solicitude para ter viabilidade debe cumprir todos os requisitos, senón non será válida.

O Decreto 133/08 non establecía expresamente a figura do silencio, co cal ao ser preceptivo o Ditame, tiña que agardarse ao mesmo para proceder á licenza de actividade.

### **Cal podería ser a posición do Concello?**

Non parece prudente que o Concello supla este trámite ambiental mediante a figura do silencio, polo que parece razoable que requira expresamente á Xunta para que se pronuncie sobre o mesmo en virtude dos **principios do art.4 da Lei 30/92**, malia que o administrado

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

podería desempeñar a actividade tras a súa presentación, xa que cumpre todos os requisitos necesarios.

O Concello estaría en disposición de requirirlle que acreditara este silencio mediante calquera medio de proba admitido en Dereito (**incluído o certificado recollido no art.43.4 da Lei 30/92**).

*“Artigo 43. Silencio administrativo en procedementos iniciados a solicitude de interesado*

*4. Os actos administrativos producidos por silencio administrativo poderanse facer valer tanto ante a administración como ante calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada. Os mesmos producen efectos desde o vencemento do prazo máximo no que debe ditarse e notificarse a resolución expresa sen que a mesma se producise, e a súa existencia pode ser acreditada por calquera medio de proba admitido en Dereito, **incluído o certificado acreditativo do silencio producido que puidese solicitarse do órgano competente para resolver. Solicitado o certificado, este deberá emitirse no prazo máximo de quince días.**”*

A inactividade da Administración Autonómica, non debera fectar á Administración Local, e esta última podería poñer en coñecemento, como expuxemos con anterioridade esta circunstancia para que a Consellería tome as medidas convenientes, incluída unha posible **declaración de lesividade do acto presunto para eliminalo do Ordenamento.**

**Pode darse a situación de que tras a efectiva presentación da Comunicación Previa, a actividade se empece a desenvolver polo particular en virtude do silencio positivo, coas graves consecuencias que pode levar consigo unha actividade contaminante para o termo municipal. Entendemos que o art.28.2.d) da Lei 9/13 ofrece solucións para solventar esa situación mediante a adopción de medidas de carácter preventivo, como podería ser a paralización da actividade.**

**A magnitude do silencio positivo é grande, xa que a resolución expresa extemporánea só podería ser positiva a teor do art.43.3 da Lei 30/92.**

A non resolución da Xunta no prazo, fai recaer sobre os Concellos a problemática do xogo do silencio positivo na tramitación das actividades, coas posibles consecuencias xurídicas que iso trae, como por exemplo a **posible responsabilidade patrimonial do Ente Local a teor do artigo 35.d) da Lei do Solo:**

*“d) A anulación dos títulos administrativos habilitantes de obras e actividades, así como a **demora inxustificada no seu outorgamento e a súa denegación im procedente.** En ningún caso haberá lugar a indemnización se existe dolo, culpa ou negligencia graves imputables ao prexudicado.”*

Por outro lado, entendemos que non pode obviarse a *“cláusula de salvagarda”* que supón neste ámbito o artigo 195.1 da LOUGA e 9.7 da Lei do Solo:

*“Artigo 195. Procedemento de outorgamento de licenzas*

*1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e plan urbanísticos.*

***En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo licencias en contra da lexislación ou plan urbanístico.”***

*Artigo 9. Contido do dereito de propiedade do solo: deberes e cargas*

7. *Todo acto de edificación requirirá do acto de conformidade, aprobación ou autorización administrativa que sexa preceptivo, segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, debendo ser motivada a súa denegación. En ningún caso poderán entenderse adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contrañan a ordenación territorial ou urbanística.*

Este principio promulgado por este artigo non foi sempre pacífico na nosa doutrina e xurisprudencia, pero nos últimos tempos deixou de ser controvertido e entendemos extrapolable á regulación das actividades. Polo tanto este silencio positivo, que nun principio parece operar a favor do administrado, pódese volver na súa contra, xa que iniciada a actividade, neste caso de incidencia ambiental, podería atoparse que a suposta cobertura outorgada polo silencio non é tal, por contravir á normativa. Deste modo o desenvolvemento da actividade sería realizado de modo ilegal e podería traer consecuencias prexudiciais para os administrados, en forma de paralización da actividade, sancións, reposición da legalidade, etc...

A práctica totalidade das Comunidades Autónomas recolleu no seu articulado o pronunciamiento dos preceptos nomeados anteriormente de forma expresa e tamén os Tribunais Superiores de Xustiza das mesmas:

- SSTSX de Baleares de 19 de decembro de 2003, de 31 de marzo de 2003 e 9 de xuño de 2000.
- SSTSX de Aragón de 29 de abril de 2005, de 28 de abril de 2005 e de 30 de xuño de 2004.
- SSTSX de Castela e León de 15 de febreiro de 2005, de 4 de febreiro de 2005 e 4 de xuño de 2001.
- SSTSX de Canarias de 31 de outubro de 2006.
- SSTSX de Cantabria de 24 de abril de 2007, de 14 de decembro de 2004 e de 28 de maio de 2004.
- SSTSX de Cataluña de 11 de xaneiro de 2001.
- SSTSX de Valencia de 27 de novembro de 2006.

Do mesmo modo a xurisprudencia recente do Tribunal Supremo propugna a non contravenición da normativa urbanística mediante a figura do silencio:

- Sentenza en Casación da Sala 3ª do TS de data 28 de abril de 2009.
- Sentenza do Tribunal Supremo de 7/11/2011 en recurso 227/2009 contra sentenza da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia de 23 de outubro de 2008.
- Sentenza do Tribunal Supremo de 27 de xaneiro de 2009.



O art.36.3 da Lei 9/13 remarca que a declaración pon fin á vía administrativa, co cal, non caberá recurso nesta vía. E dicimos *remarca*, porque xa o Decreto 133/08 deixaba entever este carácter finalizador en vía administrativa no seu art.12.4:

***“13.4. No caso de impugnación en vía administrativa da licenza municipal baseada no contido do ditame de incidencia ambiental, o concello dará traslado do recurso á consellería competente en materia de medio ambiente para que, se así o estima, presente alegacións no prazo de quince días.”***

Como vemos, non cabía o recurso administrativo directo sobre a declaración, senón que se atacaba a licenza e **indirectamente** a declaración.

En canto ao **informe de compatibilidade urbanística**, a nova Lei non o recolle expresamente, se ben o art. 35.4. cita a posibilidade da súa emisión non favorable por parte do Concello. Entendemos que a teor do art.35.2. o órgano ambiental realizará a solicitude do mesmo dentro das consultas ás Administracións Públicas. De feito, na práctica xa foron enviados oficios (vía e-mail) de solicitudes destes informes a varios Concellos galegos, o que advera, que é un trámite que se seguirá realizando.

**A novidade máis salientable é o breve prazo de tempo que teñen os Concellos para emitir e enviar este informe (15 días), e a continuación do procedemento, no caso de non emitilo no prazo.**

O art. 8 e 9 do Decreto 133/08 non estipulaba un prazo concreto de emisión de informe, se ben establecía a súa remisión co resto do expediente aos 30 días da finalización do prazo de exposición pública.

Polo tanto produciuse unha notable redución do prazo de evacuación deste informe por parte dos servizos técnicos do Concello e unhas consecuencias taxadas ante a súa non emisión.

O que fixo a nova Lei 9/13 é equiparar este informe aos informes do art.10 do derogado Decreto 133/08.

Por outro lado no recente ***“Curso técnico sobre cambios e novidades legislativas en materia de Avaliación Ambiental. Normativa estatal e autonómica”***, celebrado na Escola de Administración Pública de Galicia o día 13 de marzo de 2014, o xefe do Servizo de Prevención e Xestión Ambiental da Xunta de Galicia, Manuel Díaz Cano, resaltou que xunto con este informe de compatibilidade urbanística ***“debería”*** achegarse tamén un informe medioambiental, é dicir, **o informe razonado sobre a incidencia ambiental da actividade no ámbito local (art.9.1 do Decreto 133/08).**

**Para axilizar a tramitación, estes informes poden ser enviados por correo electrónico, sen prexuízo da súa posterior remisión por correo ordinario.**

Vemos como malia a derogación expresa do Decreto 133/08, os trámites procedementais que recollía seguen na súa meirande parte en vigor con lixeiras matizacións.



### 2.1.2.c. As obras referentes á actividade de incidencia ambiental

Como indica o art.24 tramítanse tamén por comunicación previa e así se corrobora na modificación levada a cabo pola mesma Lei do art. 194.4 e 5.

O art. 196.2 da LOUGA é modificado cunha nova redacción completamente diferente á anterior:

*“Seis. Modifícase o apartado 2 do artigo 196, o cal queda coa redacción seguinte:*

*«2. Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignárase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obra, no seu caso, poñeranse en coñecemento da administración municipal os datos identificativos e achegarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.»”*

A anterior redacción do art.196.2 establecía a tramitación simultánea da licenza de actividade clasificada e a de obras, coa prelación da primeira sobre a segunda, para evitar que puidese outorgarse unha licenza de obras e despois non puidese levarse a cabo a actividade.

Anterior redacción do art.196.2 da LOUGA:

*“2. Os supostos que esixan licenza de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licenza urbanística serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.*

*A proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente á licenza urbanística. Se procedese denegar a primeira, así se notificará ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.*

*En cambio, se procedese outorgar a licenza de actividade clasificada ou de apertura, o órgano municipal competente pasará a resolver sobre a licenza urbanística, notificándose o pertinente en forma unitaria ao interesado.”*

A nova regulación do 196.2 parece deixar dado esta prelación expresa e formula unha única comunicación previa para obras cos datos que o art.24 establece para a actividade.

Porén o art.24.2 da Lei 9/13 difire do 196.2 novo da LOUGA xa que di:

*“2. Se para o desenvolvemento da actividade fose precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentárase coa comunicación previa contemplada na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se procedese. **Ao ter rematado a obra, presentárase comunicación previa para o inicio da actividade coa antelación sinalada no apartado 1 do presente artigo.”***

Parece que ambos os dous artigos establecen unha contradición xa que mentres o 196 parece establecer unha única comunicación previa, o art.24 establece dúas, unha para as obras, e unha vez rematadas as mesmas, outra para a actividade. Con iso non é que se salte a anterior prelación de licenzas, senón que a invirte... E se sucede o que intentaba evitar a anterior redacción? Rematada a obra non puidese levarse a cabo a actividade.

Regap



ESTUDOS E NOTAS

Isto soluciónase través de que a administración, ao tramitar a comunicación previa da obra, que leva consigo a inclusión de toda a documentación da actividade, estea ao tanto, e durante a tramitación da solicitude de obra, a paralice e requira ou a desestime (segundo os casos) se estimase que a actividade non fose viable. Pero sen dúbida a redacción do articulado induce a posibles malas interpretacións e non xera transparencia ningunha, senón que a complica aínda máis.

#### 2.1.2.d. Supresión do límite de superficie das actividades

A nova regulación non establece criterios ou baremos como o facía o Anexo II do Decreto 133/08, para o sometemento ou non dunha actividade ao trámite de incidencia ambiental, en concreto:

##### *Anexo II*

#### **1. Características dos proxectos ou actividades, en particular:**

- **1.1. As variables cuantitativas (superficie, potencia, produción...).**

Do anterior deducimos que é o único Anexo da nova lei o que debemos tomar en consideración para someter unha actividade a incidencia ambiental, **e este último non establece ningunha medida de superficie en m<sup>2</sup> para ningunha actividade.**

O derogado Decreto 133/2008, establecía que para os efectos da esixencia do procedemento de incidencia ambiental (Anexo III) o elemento de referencia superficial para determinar a suxeición das actividades comerciais era **400 m<sup>2</sup>** e se ben se puidese considerar que a antedita superficie era superior á establecida pola normativa estatal, que nun primeiro momento era de **300 m<sup>2</sup> como veremos máis adiante**, debemos lembrar que ambas as dúas facían referencia a conceptos distintos. A estatal referíase á superficie útil de exposición e venda ao público, polo que poderíamos atoparnos con actividades que no seu momento estaban suxeitas a licenza por parte dunha normativa pero non por parte da outra.

#### **Exemplo de tramitación: Implantación de Estación de Servizo de 300 m<sup>2</sup>**

A actividade figura expresamente no punto 4.2 do Anexo da Lei 9/13, polo tanto está sometida a incidencia ambiental.

O interesado en primeiro lugar deberá tramitar ante o Servizo de Calidade Ambiental a Declaración de incidencia ambiental mediante a presentación da solicitude xunto coa documentación preceptiva e o xustificante do pagamento do aboamento das taxas. Unha vez obtida a DIA, poderá tramitar a licenza de obra "*maior*" ante o Concello coa presentación do proxecto técnico visado, onde recolla o cumprimento de toda a normativa sectorial aplicable e describa a actividade, xunto coas autorizacións/informes sectoriais, que procedan, entre os cales, se inclúe obviamente a DIA.

Unha vez outorgada a licenza e rematadas as obras, deberá presentar a Comunicación Previa ante o Concello, onde achegue o certificado final de obra. O Concello, se todo está correcto, no seu caso, outorgará acordo de eficacia.

#### 2.1.3 Actividades sometidas a impacto ambiental

O artigo 32 da Lei 9/13 establece que os proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental se regularán pola súa **propia normativa e non precisarán posterior declaración de incidencia ambiental**.

A nivel galego esta normativa viña recollida no **Decreto 442/1990**, de 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia, que foi **derrogado** pola Disposición Derrogatoria Segunda da Lei 9/13

Recentemente entrou en vigor a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, que na súa Disposición Derrogatoria única establece o seguinte:

*Disposición derogatoria única: Derogación normativa*

**1.** *Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan á presente lei e, en particular, as seguintes:*

- a) *A Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.*
- b) *O texto Refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro.*
- c) *O Real Decreto 1131/1988, de 30 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución do Real Decreto Legislativo 1302/1986, de 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental.*

**2.** *A derogación das normas previstas no apartado anterior, na súa condición de normativa básica e **respecto das Comunidades Autónomas producirase, en todo caso, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei. Porén, se antes de que conclúa este prazo, as Comunidades Autónomas aproban novos textos normativos adaptados a esta lei, a derogación prevista no apartado anterior producirase no momento en que as novas normas autonómicas entren en vigor.***

*Disposición final décima: Entrada en vigor:*

***A presente lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».***

*Disposición final undécima: Entrada en vigor en relación coa normativa autonómica de desenvolvemento*

*Sen prexuízo da súa aplicación ás avaliacións ambientais competencia da Administración Xeral do Estado desde o momento da súa entrada en vigor, a efectos do disposto nas disposicións derogatoria e finais sétima e novena, e da aplicación da presente Lei como lexislación básica, as Comunidades Autónomas que dispoñan de lexislación propia en materia de avaliación ambiental deberán adaptala ao disposto nesta Lei no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, momento no que, en calquera caso, serán aplicables os artigos desta Lei, agás os non básicos, a todas as Comunidades Autónomas. **Non obstante, as Comunidades Autónomas poderán optar por realizar unha remisión en bloque a esta lei, que resultará de aplicación no seu ámbito territorial como lexislación básica e supletoria.***

A Comunidade Autónoma Galega á vista do anterior, na actualidade carece de normativa propia que regule estas actividades. Unha primeira interpretación das anteriores disposicións parece dilucidar que Galicia se rexería polo RDL 1/2008 ata o 8/12/2014, se non aproba outro texto normativo adaptado a esta lei e no caso de que non adopte un texto normativo adaptado á Lei 21/13 nese período, aplicarase esta automaticamente, sen prexuízo da posibilidade de que con anterioridade opte por remitirse expresamente en bloque a esta.

Pero esta interpretación non atopa amparo na Consellería de Medio Ambiente, que se viu obrigada a redactar unha **nota aclaratoria** na súa páxina web. Na mesma páxina o 23/01/2014 di expresamente:

**“Con respecto á avaliación de impacto ambiental de proxectos, en Galicia é de aplicación directa a nova Lei 21/2013 a aqueles procedementos que se inicien a partir do 28/12/2013, tras ser derogado o Decreto 442/1990 de avaliación de impacto ambiental para Galicia pola Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia”.**

Desta forma, a Consellería viuse obrigada a aclarar que normativa medioambiental se aplica a cada procedemento ante o caos de derogacións e vacatios das súas disposicións, máxime cando respecto á avaliación ambiental estratéxica mantén en vigor a Lei 9/2006 ata o 12/12/2014, mentres que o RDL 1/2008, enténdeo derogado automaticamente.

O órgano autonómico está realizando unha interpretación diversa da Disposición Derrogatoria única da Lei 21/13, sen xustificación xurídica ningunha, mantendo en vigor durante o prazo dun ano a Lei 9/2006 e non o RDL 1/2008. De novo atopámonos ante una técnica lexislativa máis que deficiente.

#### 2.1.3.a. Comunicación previa e actividades sometidas a impacto ambiental

*Disposición adicional primeira: Avaliación de proxectos suxeitos a declaración responsable ou comunicación previa*

**1.** *Os procedementos de avaliación de impacto ambiental regulados nesta lei serán de aplicación aos proxectos que, estando incluídos no seu ámbito de aplicación, non requiran dunha autorización senón dunha declaración responsable ou **comunicación previa** previstas no artigo 71 bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

Esta Disposición Adicional vén retomar o apartado e) do artigo 24 da Lei 9/13 e o artigo 18 bis do (derogado para Galicia) RDL 1/2008:

*Art.24 da Lei 9/13:*

*“e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.*

#### **Artigo 18 bis. Proxectos sometidos a comunicación ou declaración responsable**

*Cando, de acordo coa lei, se esixa unha declaración responsable ou unha **comunicación** para o acceso a unha actividade ou o seu exercicio e unha avaliación de impacto ambiental, a declaración responsable ou **a comunicación non poderá presentarse***

**ata ter levado a cabo a devandita avaliación de impacto ambiental** e, en todo caso, deberá dispoñerse da documentación que así o acredite, así como da publicación no diario ou boletín oficial correspondente da pertinente resolución.

*Carecerá de validez e eficacia a todos os efectos a declaración responsable ou a comunicación relativa a un proxecto que non se axuste ao determinado na declaración de impacto ambiental ou na resolución de non sometemento a avaliación de impacto ambiental.”*

Tanto no RD 442/1990 como no RDL 1/2008 existía un só procedemento de avaliación de impacto ambiental, mentres que na Lei 21/13 coexisten dous procedementos: **ordinario e simplificado**, segundo a entidade da actividade a desenvolver.

Na nova Lei 21/2013, o órgano substantivo (Concello) **coordinarase** co órgano ambiental (Consellería), na tramitación da declaración de impacto ambiental, a diferenza do que sucede nas actividades sometidas a incidencia ambiental na actualidade e que si acontecía co derogado Decreto 133/08.

Nas actividades sometidas a avaliación de impacto ambiental, a exposición pública e as consultas a Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas corren a cargo dos Concellos, mentres que nas de incidencia ambiental xa non, corren a cargo do órgano ambiental.

2.1.3. b. Novidades introducidas pola Lei de Garantía de Unidade de mercado respecto ás actividades inocuas e de incidencia ambiental.

O pasado 11 de decembro entrou en vigor a Lei de Garantía de Unidade de Mercado, establecendo a Disposición Final Sétima un período de “*vacatio*” no seu apartado 2:

**“2. Non obstante, o artigo 20, os apartados 2 e 3 do artigo 21 e o artigo 26 entrarán en vigor aos tres meses da publicación desta Lei agás para aqueles servizos regulados na Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.”**

O artigo 20 que **entrará en vigor o 11/3/14** afecta ás actividades económicas:

**“Artigo 20. Eficacia en todo o territorio nacional das actuacións administrativas.**

1. *Terán plena eficacia en todo o territorio nacional, sen necesidade de que o operador económico realice ningún trámite adicional ou cumpra novos requisitos, todos os medios de intervención das autoridades competentes que permitan o acceso a unha actividade económica ou o seu exercicio, ou acrediten o cumprimento de certas calidades, cualificacións ou circunstancias. En particular, terán plena eficacia en todo o territorio nacional sen que poida esixirse ao operador económico o cumprimento de novos requisitos ou outros trámites adicionais:*

a) *As autorizacións, licenzas, habilitacións e cualificacións profesionais obtidas dunha autoridade competente para o acceso ou o exercicio dunha actividade, para a produción ou a posta no mercado dun ben, produto ou servizo.*



- b) As declaracións responsables e comunicacións presentadas ante unha autoridade competente para o acceso ou o exercicio dunha actividade económica.*
- c) As inscricións en rexistros que sexan necesarias para o acceso ou exercicio dunha actividade económica.*
- d) Calquera outros requisitos normativamente establecidos que permitan acceder a unha actividade económica ou exercela.**

**4. O principio de eficacia en todo o territorio nacional non se aplicará no caso de autorizacións, declaracións responsables e comunicacións vinculadas a unha concreta instalación ou infraestrutura física.** Porén, cando o operador estea legalmente establecido noutro lugar do territorio, as autorizacións ou declaracións responsables non poderán contemplar requisitos que non estean ligados especificamente á instalación ou infraestrutura.

*O principio de eficacia en todo o territorio nacional tampouco se aplicará aos actos administrativos relacionados coa **ocupación dun determinado dominio público** ou cando o número de operadores económicos nun lugar do territorio sexa limitado en función da existencia de servizos públicos sometidos a tarifas reguladas.”*

Deste artigo dedúcese que toda actividade económica que obteña licenza/autorización/eficacia comunicación previa-declaración responsable en calquera parte do territorio nacional, que non estea vinculada a unha concreta instalación ou estrutura física e que non ocupe dominio público servirá para desenvolver a actividade en todo o Estado, sen necesidade doutra intervención de órgano administrativo, en prol de **evitar a duplicidade de controis**.

2.1.3.c. Novidades introducidas pola Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental respecto á lexislación sectorial

*Disposición final sétima: Relacións da avaliación ambiental coa lexislación sectorial*

- 1. No prazo dun ano**, as normas sectoriais reguladoras da tramitación e da adopción ou aprobación dos plans e programas conterán as disposicións necesarias para garantir que aqueles comprendidos no ámbito de aplicación desta lei se sometan a unha avaliación ambiental estratéxica antes da súa adopción ou aprobación.
- 2. As normas sectoriais reguladoras da tramitación e da adopción ou aprobación dos plans, programas e proxectos deberán establecer **prazos para as actuacións que a presente lei atribúe ao órgano substantivo ou ao promotor. Esta adaptación normativa deberá realizarse no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei.***

O anterior vén estipular a futura modificación da LOUGA, no prazo dun ano, se non se aproba unha Lei galega de avaliación de plans e programas adaptada á Lei 21/13.

Deste xeito, o trámite de avaliación ambiental na tramitación dos instrumentos de planeamento urbanísticos regulados na LOUGA suporá a **modificación dos artigos 84.5 e 6, 85.4 entre outros**.

Seguindo a pauta da Lei de Garantía de Unidade de Mercado no seu artigo 20, onde establece a eficacia das intervencións administrativas en todo o territorio estatal a partir da entrada en vigor do mesmo (11/03/14), atopámonos coa Disposición Adicional 4ª da Lei 21/13:

*“Disposición adicional cuarta: Relación da avaliación ambiental con outras normas. Para aqueles plans, programas ou proxectos para os que existe obriga de efectuar unha avaliación ambiental en virtude desta lei e en virtude doutras normas, **as Administracións públicas competentes establecerán procedementos coordinados ou conxuntos co obxecto de evitar a duplicación das avaliacións.**”*

Esta disposición abre a porta á coordinación das distintas Administracións implicadas e a regulación “ad hoc” dun procedemento entre as mesmas para levar a cabo unha única avaliación ambiental.

Como ben establece a Disposición Adicional 12ª, a Lei 30/92 será supletoria e en virtude do seu artigo 9, respecto ás relacións dos Concellos coas demais Administracións haberá que estar ao disposto na lexislación básica estatal. É, nesta última onde deberíamos atopar as formas de actuación conxunta, que dean viabilidade a estes postulados.

#### 2.1.4 Actividades recreativas e espectáculos públicos (art. 39-46)

Actualmente como ben indica o Preámbulo a regulación destas actividades está fragmentada, figurando no Regulamento estatal do 82 e na Comunidade Autónoma Galega mediante o Decreto 292/2004, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas modificado polo Decreto 160/2005.

Mais malia que a Lei no seu Preámbulo destaca o carácter fragmentado da normativa que rexe este tipo de actividades, o lexislador autonómico non predica co exemplo, xa que con data de **18/07/13** realizou un **borrador do Anteproxecto de Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia**.

Na **Exposición de Motivos do borrador** di:

*“...é a primeira norma autonómica con rango legal que establece unha regulación xenérica, actualizada e de carácter global desta materia, enche o baleiro normativo existente na actualidade e supera a obsolescencia da regulación estatal. Todo isto co obxecto de conseguir un marco normativo adaptado á realidade da sociedade actual e que garanta a protección e a conciliación dos distintos dereitos e intereses que engloban os espectáculos públicos e as actividades recreativas.”*

Do exame do texto do borrador, vemos como cita expresamente en moitos casos á Lei de emprendemento e competitividade de Galicia, como por exemplo no Título II “*Réxime de intervención administrativa*”, polo que de chegar a bo porto o Anteproxecto de Lei, a regulación deste tipo de actividades se rexería pola mesma, e de forma complementaria pola Lei 9/13, nos supostos de remisión a esta última.

Decaería desta forma, a pretensión de instrumento integral de regulación normativa das actividades económicas da Lei 9/13.



Doutro lado, a Disposición Derrogatoria Primeira da Lei 9/13 establece:

*“Quedan derogadas cantas disposicións legais de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.”*

**Polo tanto o Regulamento estatal do 82 en todo o que non contradiga á Lei servirá para integrar os baleiros e lagoas existentes na tramitación administrativa destes expedientes.**

O Regulamento de 1982 esixe licenza para a apertura ao público de locais ou recintos e a entrada en funcionamento das instalacións destinadas a espectáculos ou actividades recreativas no seu artigo 40 (actividade) en relación co artigo 36 (obras):

**“Art. 40**

- 1. Para a apertura de todo local ou recinto de nova planta ou reformado, destinado exclusiva ou preferentemente á presentación de espectáculos ou á realización de actividades recreativas, será preciso que se solicite e obteña, do Concello do municipio de que se trate, a licenza correspondente, sen prexuízo dos demais requisitos e condicións impostos pola regulamentación específica do espectáculo de que se trate.**
- 2. Igual solicitude se formulará para a transformación e dedicación á realización de espectáculos ou actividades recreativas, con carácter continuado, de locais que viñeran estando habitualmente destinados a distinta utilización. Non poderán iniciarse as actividades sinaladas sen obter a indicada licenza.**
- 3. Tal licenza terá por obxecto comprobar que a construción ou a reforma e as instalacións se axustan integramente ás previsións do proxecto previamente aprobado polo Concello ao conceder as licenzas de obra a que se refire o artigo 36 deste Regulamento, especialmente naqueles aspectos e elementos dos locais e das súas instalacións que garden relación directa coas medidas de seguridade, sanidade e comodidade de obrigatoria aplicación aos mesmos.”**

**Art. 36**

**a) Obras de nova planta.**

- 1. Para a construción de calquera edificio, local ou recinto que teña que destinarse a espectáculos ou recreos públicos, será preciso solicitar a licenza correspondente do Concello do municipio, por medio de instancia asinada polo promotor do proxecto ou o seu representante legal, á que se achegará en triplicado exemplar unha Memoria explicativa da construción que se proxecta executar, sinalando a súa localización debidamente acoutada en relación coa vía ou vías públicas e anchura das mesmas e detallando os datos referentes á súa construción, materiais a empregar, clase de espectáculo ou recreo a que se vai destinar e alumeado e demais servizos que teñan que instalarse**
- 2. Unirase á instancia, así mesmo, en triplicado exemplar, a descrición e planos das diferentes plantas do edificio, fachadas e seccións, a escala 1:50, 1:100 ou 1:200, e nos**



*que se refiren a detalles especiais a escala será de cinco centímetros por metro. Nos devanditos planos, que estarán acoutados nas súas dimensións principais, situaranse os asentos das diferentes localidades nas súas respectivas dimensións.*

3. *Igualmente achegaranse en triplicado exemplar e subscritos polos técnicos competentes, Memorias explicativas e planos das instalacións eléctricas, de calefacción, ventilación e demais que haxan de incorporarse ao edificio, local ou recinto, en cuxos documentos quedarán definidas na súa totalidade tales instalacións, nas mesmas escalas sinaladas no parágrafo anterior.*
4. *As medidas de seguridade, hixiene, comodidade e illamento acústico que no proxecto se prevexan, haberán de ser como mínimo as que neste Regulamento ou nos Regulamentos especiais se determinen para cada clase de local e instalacións de que deba ser dotado.*

*No caso de insuficiencia de tales medidas, poderán adicionarse na respectiva licenza as que se estimen necesarias, previa xustificación das mesmas baseada nas características do municipio, do local ou das súas instalacións e servizos*

5. *O expediente será sometido a información pública por un prazo de dez días e ao mesmo incorporaranse as exposicións ou alegacións, individuais ou colectivas, que se introduzan, tanto de oposición como de modificación ou rectificación, as cales deberán ser consideradas ao resolver aquel.*

#### **b) Obras de adaptación ou reforma.**

1. *Cando se trate de reformas ou adaptacións nun edificio, local ou recinto xa construído, ou en covas ou espazos naturais, haberá de solicitarse así mesmo para a súa execución a licenza da autoridade municipal, presentando a esta tres exemplares da Memoria e planos necesarios, cos mesmos requisitos dos parágrafos anteriores.*
2. *Toda obra de reforma ou adaptación en edificios o locais xa destinados a espectáculos ou recreos públicos, deberá servir para poñer en harmonía con este Regulamento as partes, servizos ou instalacións a que afecte e, por conseguinte, non se autorizarán obras que conserven as características antigas, afectadas pola reforma ou adaptación, cando estas non estean de acordo co disposto neste Regulamento.*
3. *O expediente someterase a información pública, como nos supostos do apartado a), sempre que se tratase de locais que non tivesen estado dedicados con anterioridade á mesma clase de espectáculos ou actividades recreativas. Á parte diso, se se tratase de edificios parcialmente dedicados a outros usos, darase audiencia en todo caso aos restantes usuarios do mesmo edificio, para que presten a súa conformidade ou especifiquen, con base suficientemente xustificada, as razóns subxectivas ou obxectivas da súa oposición ao outorgamento da licenza solicitada.*

A Lei 9/13 establece para estas actividades a comunicación previa no seu artigo 40:

*Artigo 40. Actividades sometidas a comunicación previa*

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

***A apertura dos establecementos públicos e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas están sometidas ao réxime de comunicación previa contemplada na presente lei, agás nos casos que por razóns de interese xeral fose necesario a obtención de licenza municipal, conforme ao establecido nesta lei.***

O artigo 41 establece as excepcións á comunicación previa, que terán que tramitarse mediante licenza:

*“Artigo 41. Actividades sometidas a licenza ou autorización*

***En atención á concorrencia de razóns de interese xeral derivadas da necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento da orde pública, así como da axeitada conservación do medio ambiente e o patrimonio histórico artístico, será precisa a obtención de licenza para:***

- a) *A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos **cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.***
- b) *A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.***
- c) *A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.*
- d) *A celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da comunidade autónoma, conforme ao procedemento que regulamentariamente se estableza.*
- e) *A celebración dos espectáculos e festexos taurinos.*
- f) *A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica esixa a concesión de autorización.*

**Existe doutrina que mantén que dado que no ámbito da nosa Comunidade Autónoma non existe norma que regule o réxime específico de concesión de licenzas de obras relativas aos establecementos e espectáculos públicos, atendendo á especificidade destas obras en conexión cos principios de seguridade pública, seguridade cidadá, e coa cláusula de supletoriedade do dereito estatal, que segue a ser de aplicación canto se establece no Regulamento estatal do 82.**

Entendemos que hai que matizar esta remisión normativa ás obras destas actividades, pois a vontade do lexislador galego non é establecer o Regulamento do 82 como norma principal de aplicación, senón integradora e coaduvante da Lei 9/13.

As licenzas/comunicacións previas deste tipo de actividades, rexeranse pola Lei 9/13, como ben exponen os Preámbulos da mesma e do citado anteriormente borrador do

Anteproxecto de Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, **que declaran abertamente a obsolescencia da regulación estatal.**

Sendo este Regulamento estatal útil no que non contradiga á Lei 9/13, en virtude da Disposición Derrogatoria 1ª, pero en modo ningún podemos admitir unha remisión normativa íntegra ao mesmo (nin sequera respecto ás obras), senón empregalo de modo incidental.

Polo tanto a comunicación previa será a tramitación normal destas actividades, sendo as excepcións taxadas, as cales levarán consigo a licenza. A **licenza de actividade é totalmente excepcional, pasando a ser residual.**

Cómpre resaltar respecto á documentación achegada polo interesado, o artigo 42.2.g), que establece unha especie de **“cláusula de salvagarda”** para o persoal técnico, que ve así cuberto o seu labor, establecéndose unha maior discrecionalidade para solicitar a documentación que estimen pertinente. Deste modo amplíase a documentación a achegar respecto á anterior regulación.

*“Artigo 42. Tramitación mediante licenza municipal*

2. Xunto coa solicitude da licenza, quen exerza a titularidade ou as persoas encargadas da organización deberán presentar a seguinte documentación:

**g) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello competente.”**

#### Exposición Pública

Destaca a nivel procedemental, que a Lei non estableza expresamente un periodo de exposición pública. Malia que este trámite non figure, entendemos que non pode prescindirse do mesmo, xa que tanto a doutrina (entre outros autores Parada Vázquez, González Pérez e González Salinas) como a xurisprudencia (entre outras **STS 24/10/1984) acerca do art. 86 da Lei 30/92** xunto coa integración das lagoas neste ámbito por parte do Regulamento do 82 (en vigor no que non contradiga á Lei 9/13) segundo a Disposición Derrogatoria 1ª, fai que nos remitamos a este último.

**Deste xeito seguirá en vigor o disposto no art.37 do Regulamento que nos remite ao art.30 do RAMINP, e deberá continuar realizándose a exposición pública por prazo de 10 días e a notificación a lindantes.**

#### 2.1.4.a. Ámbito Sanitario

Se ben o Regulamento de espectáculos públicos requiría o preceptivo informe sanitario no ámbito da tramitación deste tipo de actividades, na actualidade este paso foi **substituído** en virtude do Decreto 204/2012, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios e o Real Decreto 191/2011 sobre Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos, pola **inscrición rexistral.**

Segundo a actividade sexa de maior ou menor entidade (estatal ou local) deberá inscribirse nun rexistro ou noutro.

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

## Actividades que requiren inscrición no REGASA

O Anexo III deste Decreto recolle as actividades que están suxeitas a inscrición no mesmo, sempre que cumpran os demais requisitos:

9600	Obradoiro de panadería/pastelería non industrial
9603	Despacho de venda de pan e/ou pasteis
9700	Prazas de abastos
9701	Produtos lácteos tradicionais
9801	Establecementos de restauración comercial sen comedor independente (serven tapas-racións e/ou pinchos)
9802	Restauración comercial con comedor independente (restaurante, cafetería, buffet-autoservizo, servizo a domicilio, comida rápida etc.)
9803	Restauración social
9901	Hipermercados
9902	Supermercado/ultramariños
9910	Carnizaría
9911	Carnizaría salchicharía
9912	Carnizaría chacinaría
9913	Peixaría
9914	Froitaría
9915	Lambetadas (caramelos ...)
9916	Herboristaría
9917	Retallista de conxelados

Vemos, como están incluídos tanto os establecementos alimentarios como os relacionados coa restauración-hostalaría.

**Os interesados deberán informar do inicio de actividade e solicitar o rexistro no REGASA.** Para ixo deberán subscribir unha **Declaración Responsable**, en virtude da cal afirma:

*“Que dispón dos locais e do equipamento necesario para levar a cabo as actividades notificadas e que estes son axeitados á normativa que lles é de aplicación.”*

Como ben estipula o artigo 6.1 do Decreto 204/2012:

*“Artigo 6. Procedemento para a inscrición, modificación e cancelación rexistral das empresas e dos establecementos alimentarios*

*1. A presentación dunha comunicación previa ás autoridades competentes en materia de sanidade da provincia correspondente por razón do lugar da súa localización, segundo o modelo recollido no anexo I deste decreto, será condición única e suficiente para que se tramite a inscrición das empresas e dos establecementos no Regasa e, simultaneamente, se poida iniciar a actividade, sen prexuízo dos controis que posteriormente poidan levar a cabo.”*

Este artigo debemos relacionalo co artigo 2.4 do mesmo texto legal:

*“4. A inscrición no Regasa non exclúe a plena responsabilidade do operador económico respecto do cumprimento da lexislación alimentaria.”*

As autoridades sanitarias realizarán o control posterior da actividade e a mera inscrición non exime de responsabilidade aos interesados do cumprimento de toda a normativa preceptiva. E ixo, en virtude da competencia sobre esta materia que é autonómica e non local.

Como dicíamos, na regulación anterior esixíase o informe sanitario. Agora a comunicación previa que regula o artigo 24 da Lei 9/13 esixe achegar coa mesma os informes sectoriais procedentes. Neste caso o interesado deberá presentar xunto coa comunicación previa a **notificación co nº de rexistro que lle asigne o REGASA**, tras a pertinente inscrición no mesmo.

**O Concello poderá comprobar a veracidade da inscrición mediante a consulta pública na páxina web do REGASA.**

**[https://extranet.sergas.es/hermeweb/HERME\\_WEB/BuscarRexistros.aspx?IdPaxina=700400&acc=bu](https://extranet.sergas.es/hermeweb/HERME_WEB/BuscarRexistros.aspx?IdPaxina=700400&acc=bu)**

Deste xeito o propugnado pola Directiva de Servizos foi trasladado a este concreto ámbito.

Por outro lado, instáurase a obriga por parte dos interesados do **compromiso de contratación de seguros para desenvolver a actividade. O apartado c) do artigo 42, refírese aos seguros establecidos na presente lei**, pero observando o texto do articulado non existe referencia expresa aos mesmos.

**c) Declaración da persoa titular ou organizadora, no seu caso, onde faga constar o compromiso de contratación dos seguros previstos na presente lei.**

Se imos ao Borrador do Anteproxecto citado, a súa disposición transitoria Terceira establece que haberá un desenvolvemento regulamentario sobre os capitais mínimos das pólizas de seguro e mentres este non exista establece unhas contías segundo a capacidade:

***“Disposición transitoria terceira: Capitais mínimos das pólizas de seguro de espectáculos públicos e actividades recreativas.***

*En tanto non se produza o desenvolvemento regulamentario, os capitais mínimos que deberán cubrir as pólizas de seguro esixidas para os espectáculos públicos e as actividades recreativas terán as seguintes contías atendendo á capacidade:*

- a) Ata 100 persoas: 150.000 euros.
- b) Ata 200 persoas: 250.000 euros.
- c) Ata 300 persoas: 400.000 euros.
- d) Ata 700 persoas: 600.000 euros.
- e) Ata 1.000 persoas: 900.000 euros.
- f) Ata 1.500 persoas: 1.200.000 euros.



*g) Ata 5.000 persoas: 2.000.000 euros.*

*Nos restantes casos, os capitais mínimos serán incrementados en 120.000 euros por cada cinco mil persoas máis de capacidade ou fracción desta cantidade.”*

Deste xeito, na actualidade, os interesados non saben exactamente a contía mínima das pólizas a subscribir, xa que a Lei 9/13 non establece nada concreto e expreso ao respecto.

**Entendemos que o Borrador do Anteproxecto de Lei podería ser unha guía orientativa, a falta de instrumento normativo ao respecto.**

### **- Actividades que requiren inscrición no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos**

O Real Decreto 191/2011, de 18 de febreiro, sobre Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos é o que regula a necesidade de inscrición ou autorización dependendo da actividade.

O art.2 deste Real Decreto establece as **empresas e establecementos alimentarios suxeitos a inscrición.**

*“Artigo 2. Empresas e establecementos alimentarios suxeitos a inscrición*

**1.** *Inscribiranse no Rexistro cada un dos establecementos das empresas alimentarias ou, no caso de que estas non teñan establecementos, as propias empresas, sempre que reúnan os seguintes requisitos:*

**a)** *Que a sede do establecemento ou a sede ou domicilio social da empresa que non teña establecemento estea en territorio español.*

**b)** *Que a súa actividade teña por obxecto:*

*Alimentos ou produtos alimenticios destinados ao consumo humano.*

*Materiais e obxectos destinados a estar en contacto con alimentos.*

*Coadxuvantes tecnolóxicos empregados para a elaboración de alimentos.*

*Que a súa actividade poida clasificarse nalgunha das seguintes categorías:*

**1º** *Produción, transformación, elaboración e/ou envasado.*

**2º** *Almacenamento e/ou distribución e/ou transporte.*

**3º** *Importación de produtos procedentes de países non pertencentes á Unión Europea.*

**2.** *Quedan excluídos da obriga de inscrición no Rexistro, sen prexuízo dos controis oficiais correspondentes, os establecementos e as súas empresas titulares no suposto de que exclusivamente manipulen, transformen, envasen, almacenen ou sirvan alimentos para a súa venda ou entrega in situ ao consumidor final, con ou sen reparto a domicilio, ou a colectividade, así como cando estes subministren a outros establece-*

*mentos destas mesmas características, e se trate dunha actividade marxinal en termos tanto económicos como de produción, respecto da realizada por aqueles, que se leve a cabo no ámbito da unidade sanitaria local, zona de saúde ou territorio de iguais características ou finalidade que defina a autoridade competente correspondente.*

*Estes establecementos deberán inscribirse nos rexistros autonómicos establecidos ao efecto, previa comunicación do operador da empresa alimentaria ás autoridades competentes en razón do lugar de situación do establecemento. Porén, cando se trate de establecementos nos que se serven alimentos in situ a colectividades, a comunicación será feita polo titular das instalacións.*

### **Establecementos suxeitos a inscrición:**

Aquelas empresas que comercializan produtos de orixe non animal e todas aquelas que non teñen instalacións, independentemente dos produtos que comercialicen, como por exemplo: importadores, transportistas, etc. **Estes establecementos deben presentar unha comunicación previa ou simultánea ao inicio da súa actividade. Outórgaselles un número de rexistro sanitario que neste caso non representa ningún valor engadido e non é obrigatorio que figure no etiquetado.**

Inclúense neste apartado:

- Establecementos que comercializan produtos de orixe non animal sexan transformados ou non. Exemplos de empresas que traballan dentro destes sectores: cereais, fariñas e derivados; vexetais (hortalizas, froitas, cogomelos, tubérculos, legumes) e derivados; azucres e derivados; mel e produtos relacionados coa extracción de mel; condimentos e especias; alimentos estimulantes, especies vexetais para infusións e os seus derivados; alimentación especial e complementos alimenticios; augas envasadas e xeo; bebidas alcólicas e non alcólicas; aditivos, aromas, enzimas e coadxuvantes tecnolóxicos; materiais e obxectos destinados a entrar en contacto cos alimentos.
- Empresas elaboradoras de alimentos que conteñan tanto produtos de orixe vexetal como produtos transformados de orixe animal, como por exemplo, pizza de xamón e queixo.
- Empresas de restauración sen instalacións propias de elaboración, cociñas centrais, catering e comidas preparadas para subministro en medios de transporte.
- Empresas con almacenamento sen control de temperatura (incluídos os produtos de orixe animal, como por exemplo conservas de peixe).
- Distribuidores e importadores (incluídos os produtos de orixe animal).
- Actividades de transporte de alimentos.

### **Establecementos suxeitos a autorización:**

Aquelas empresas que comercializan produtos de orixe animal e teñen instalacións (fabricantes, envasadores, almacenistas...). A esixencia de autorización previa pola autoridade competente ao inicio da actividade económica limitase aos establecementos regulados especificamente no artigo 4.2. do Regulamento 853/2004. A Autoridade Competente realiza

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

un control oficial, previo ao inicio da actividade. Unha vez outorgado o número, este debe figurar con carácter obrigatorio nas etiquetas e documentos e en moitos casos debe levar unha marca sanitaria ou marca de identificación onde figure este número igualmente. O incumprimento da normativa pode dar lugar a unha retirada da autorización.

Inclúense neste apartado empresas que comercializan produtos alimentarios de orixe animal transformados ou non. Englóbanse en distintos sectores:

1. Carnes e derivados, aves e caza.
2. Peixes, crustáceos, moluscos e derivados.
3. Ovos e derivados.
4. Leite e derivados.
5. Comidas preparadas cuxos ingredientes fundamentais son de orixe animal. Inclúense aquí establecementos que preparan alimentos nos que sempre predomina un produto de orixe animal. Ex.: empresa que elabora produtos a base de carne como ás adobadas, albóndegas, salchichas de polo, pinchos morunos, etc.
6. Reenvasadores ou almacenistas frigorífico ou en conxelación de produtos de orixe animal.

Pola súa parte o art.3 recolle os produtos **alimenticios suxeitos a inscrición**.

*“Artigo 3. Produtos alimenticios suxeitos a inscrición*

*Inscribiranse no Rexistro os seguintes produtos alimenticios:*

- a) Os destinados a unha alimentación especial, cando a súa normativa específica así o dispoña.**
- b) As augas minerais naturais e as augas de manancial** *cuxa extracción se efectúe no territorio nacional, así como as extraídas en países terceiros, tras o seu recoñecemento como tales polo Estado español, salvo que xa fosen reconecidas por outro Estado membro da Unión Europea.”*

Deste xeito estas empresas e establecementos **deberán presentar a comunicación previa presentada para a inscrición no rexistro sanitario ao efecto ou no seu caso a autorización preceptiva xunto coa comunicación previa da actividade ante o Concello**. En caso de xa figurar inscritos poderá achegar o **código de identificación para a súa verificación por parte do Concello** ou este último pódeos comprobar de oficio na web da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición ([http://aesan.msssi.gob.es/AESAN/web/registro\\_xeral\\_sanitario/rgsa.shtml](http://aesan.msssi.gob.es/AESAN/web/registro_xeral_sanitario/rgsa.shtml)).

**Exemplo de tramitación: Pizzería de 150 m<sup>2</sup> que require de obras de acondicionamento que afectan á estrutura.**

En primeiro lugar o interesado debería solicitar licenza de obra *“maior”* ante o Concello con proxecto técnico visado, onde recolla o cumprimento de toda a normativa sectorial aplica-



ble e describa a actividade. Simultaneamente, se non estivese inscrito no REGASA deberá proceder á súa inscrición, para cumprir o trámite “*sanitario*”.

Informado favorablemente o expediente polos técnicos municipais, a XGL do Concello acordará a concesión da licenza, que lle será notificada.

Unha vez obtida a licenza de obras e rematadas as mesmas, o interesado deberá presentar a Comunicación Previa da actividade xunto co certificado final de obra.

Informado favorablemente polos técnicos municipais, procederase ao Acordo de Eficacia da Comunicación Previa, no seu caso, por parte da XGL.

#### 2.1.4. b. Instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento e carteis vistos desde a vía pública

Dentro deste tipo de actividades, queremos traer a conto dúas **actuacións moi relacionadas coas mesmas**, que pasamos a citar:

##### - Instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento

**Expresamente recollido no art.41.b) réxense por licenza/autorización sendo unha das excepcións á tramitación mediante comunicación previa.**

A solicitude debería ir acompañada dunha pequena memoria na que figure a localización e distribución en plano das mesas e cadeiras que sexa acorde coa normativa (espazo de tránsito, etc.), o seguro de responsabilidade civil do establecemento co recibo pagado da última anualidade (todo o que estableza a Ordenanza ou o Regulamento do respectivo Concello).

##### - Carteis publicitarios vistos desde a vía pública

A nova redacción dada ao art.194 da LOUGA pola Lei 9/13 suprimiu a necesidade de licenza para este tipos de carteis, propios das actividades recreativas e de espectáculos públicos (restaurantes, bares, etc...)

Así abondará a **comunicación previa para dar viabilidade a este tipo de actuacións**. Non debemos obviar que se están colocados na vía pública, (é dicir dominio público) requiren **autorización para esta ocupación por parte do Concello**. No caso de realizarse a colocación en terreos privados, non necesitará tal autorización.

#### 2.1.5 Outras actividades

Existen outras actividades de difícil incardinación nos tres grandes grupos que expuxemos. Convén tenlas en conta pola súa proliferación e por iso as trataremos neste punto:

##### - A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles

Na nosa Comunidade Autónoma están claramente arraigadas as denominadas “**festas locais**”, xa sexan patronais, gastronómicas, etc...



Na actualidade está creando gran controversia en todos os Concellos de Galicia, coa chegada do verán, onde proliferan estas celebracións, o endurecemento da regulación das mesmas por parte da Lei 9/13. Moitos Alcaldes están realizando consultas sobre como actuar xa que a día de hoxe a celebración destes eventos é obxecto de licenza/autorización por parte do Concello, xa que entran dentro dos supostos recollidos no art. 41 e deberán recoller toda a documentación do art.42 para levar a cabo a tramitación das mesmas.

Os requisitos do art.42 non son para nada banais (ex: subscripción de seguros), cando antes as Administracións eran bastante máis flexibles na tramitación destas actividades. Seguindo o teor literal do art.42, os habituais organizadores destas actividades, promotores pequenos e Comisións de Festas verán inviable a súa efectiva realización por carecer de medios económicos e técnicos para levalas a cabo.

Un exemplo do que está a acontecer é o Concello de Vila de Cruces, que está mobilizándose para integrar os postulados da Lei cos intereses veciñais para levar a bo porto a realización das súas festas ancestrais.

Estes requisitos das **“festas locais”** poden extrapolarse á actividade de **“circos e similares”**.

#### Venda ambulante

Esta actividade vén recollida fundamentalmente nos **artigos 70 a 78 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.**

A teor do art.72 está suxeita á obtención de **licenza, correspondendo aos Concellos a súa autorización**, os cales deberán regular a actividade mediante a correspondente Ordenanza ou Regulamento.

Existe un **Rexistro Galego de Comercio**, cuxa inscrición é voluntaria, previa ao inicio da actividade e meramente informativo para os interesados.

Seralles expedida unha tarxeta cuxa vixencia son 5 anos.

**Segundo o art.20 da Lei de Garantía da Unidade de Mercado, unha vez obtida unha autorización/licenza nun Concello, esta terá validez en calquera parte do territorio nacional, aínda que debemos lembrar que se a venda se produce en dominio público (lugares debidamente autorizados), requirirá tamén autorización para a ocupación do mesmo.**

#### Antenas de Telefonía móbil

**A nosa Comunidade Autónoma carece de normativa expresa sobre este ámbito, xa que nin o anterior Decreto 133/08 nin a nova Lei 9/13 establecen nada ao respecto.**

**A normativa estatal si regula de modo expreso estas instalacións: o Artigo 27 da Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas Leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio modifica o Art. 42 da Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións:**

«Artigo 42. Condicións que deben cumprir as instalacións e instaladores.

(...) Os interesados na súa prestación deberán, **con anterioridade ao inicio da actividade, presentar ao Rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación unha declaración responsable** sobre o cumprimento dos requisitos relativos á capacidade técnica e á cualificación profesional para o exercicio da actividade, medios técnicos e cobertura mínima do seguro nos termos que se determinen regulamentariamente.

(...) **A declaración responsable habilita para a prestación a terceiros de servizos de instalación ou mantemento de equipos ou sistemas de telecomunicación en todo o territorio español e cunha duración indefinida.»**

**A Disposición adicional terceira. Instalacións de redes públicas de comunicacións electrónicas da Lei 12/12 de Medidas Urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos tamén recolle estas instalacións:**

*“As disposicións contidas no Título I desta Lei aplicaranse ás estacións ou instalacións radioeléctricas empregadas para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público, a excepción daquelas nas que concorran as circunstancias referidas no artigo 2.2 desta Lei, ocupen unha superficie superior a 300 metros cadrados, computándose a tal efecto toda a superficie incluída dentro do valado da estación ou instalación ou, tratándose de instalacións de nova construción, teñan impacto en espazos naturais protexidos.*

*A presente Disposición enténdese sen prexuízo da aplicación ás devanditas instalacións do establecido na Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións e a súa normativa de desenvolvemento.”*

O desenvolvemento regulamentario da Lei 32/2003 respecto á **declaración responsable** vén concretamente no **Artigo 2 do Real Decreto 244/2010**, de 5 de marzo, polo que se aproba o *Regulamento regulador da actividade de instalación e mantemento de equipos e sistemas de telecomunicación*:

«**Artigo 2. Declaración responsable ante o Rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación.**

1. Os interesados en establecerse para a prestación de servizos de instalación ou mantemento de equipos ou sistemas de telecomunicación deberán, **con anterioridade ao inicio da actividade, presentar ante o Rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación unha declaración responsable**, realizada por medios electrónicos, no **modelo normalizado** que se adopte mediante orde do Ministro de Industria, Turismo e Comercio, na que asuman o compromiso de que cumpren os requisitos establecidos para o seu exercicio, de que seguirán cumprindo os devanditos requisitos durante o tempo que presten os servizos e de que dispoñen da documentación que acredita o seu cumprimento.

Os requisitos que se esixen para a prestación de servizos de instalación ou mantemento de equipos ou sistemas de telecomunicación son os seguintes:

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

a) *Cualificación técnica axeitada.*

*A tales efectos, reputarase como cualificación técnica axeitada ser titulado competente no caso de persoa física, e no caso de persoa xurídica, que o sexa, polo menos, un dos titulares da empresa que deberá contar cunha participación mínima do 20% do capital social ou contar entre o persoal laboral contratado cun ou varios titulados competentes.*

*Será titulado competente o que estea en posesión dun título, xa sexa universitario ou de formación profesional, que acredite coñecementos na actividade de instalación ou mantemento de equipos ou sistemas de telecomunicación.*

b) *Disponibilidade dos medios técnicos axeitados que, por orde ministerial, se determinen.*

c) *Ter contratado un seguro de responsabilidade civil subsidiaria ou da responsabilidade civil que poida corresponder, aval ou outra garantía financeira, cuxa cobertura mínima sexa de 300.000 euros por sinistro, que cubra os posibles danos que puidesen causar ás redes públicas de telecomunicacións ou ao dominio público radioeléctrico por defectos de instalación ou mantemento dos equipos ou sistemas de telecomunicación que instalen ou manteñan, así como pola instalación de equipos non destinados a ser conectados ás redes públicas de telecomunicación.*

d) *Estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social. A declaración responsable preverá que o solicitante autorice á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedad da Información a solicitar os devanditos datos.*

e) *Ter realizado o pagamento da taxa por inscrición no Rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación a que se refire o apartado 4 do anexo 1 da Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións.*

2. *As declaracións deberán ser asinadas, empregando un certificado de sinatura electrónica recoñecida, conforme ao previsto na Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica, pola persoa física ou xurídica interesada ou polo seu representante legal, que deberá acreditar esta condición*

3. *A declaración responsable habilita para a prestación a terceiros de servizos de instalación ou mantemento de equipos ou sistemas de telecomunicación en todo o territorio español e cunha duración indefinida. A prestación do servizo sen ter presentado a declaración responsable ou sen cumprir os requisitos a que se refire o apartado 1 será sancionada de acordo co disposto no título VIII da Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións.*

4. *A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á declaración responsable determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades, penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.*

*A resolución que declare tales circunstancias, poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade, así como a imposibilidade de presentar unha nova declaración no prazo dun ano.*

5. *Cando se constate da declaración responsable do interesado que non se cumpren os requisitos a que se refire o apartado 1, dítarase resolución motivada nun prazo máximo de 30 días, tendo por non realizada aquela. Antes de dítar resolución, dirixírase ao interesado unha notificación para que emende no prazo de 10 días os defectos ou erros en que puidese incurrir. Mentres se substancia o trámite de emenda da declaración responsable, producirose a interrupción do cómputo do prazo de 30 días mencionado para dítar resolución.*
6. *Igualmente, cando se constate o incumprimento inicial ou sobrevido dalgún dos requisitos a que se refire o apartado 1 ou das obrigas que se establezan na orde que desenvolva este regulamento, dirixíraselle ao interesado unha notificación para que emende o devandito incumprimento no prazo de 15 días. Transcorrido o devandito prazo sen que a emenda se tivese producido, procederase a dítar resolución privando de eficacia á declaración e cancelárase a inscrición rexistral.*
7. *Se como consecuencia da prestación de servizos de instalación ou mantemento de equipos ou sistemas de telecomunicación se puxese en perigo a seguridade das persoas ou das redes públicas de telecomunicacións, poderase dítar resolución motivada, pola que, se adopte de forma cautelar e inmediata a suspensión da eficacia da declaración responsable.»*

Se imos á **web do Rexistro de Instaladores de Telecomunicación**, de carácter público e de ámbito nacional, creado na Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, podemos observar que o afirmado non é de todo certo, xa que na mesma, iso si *“con carácter voluntario para unha mellor comprensión da súa declaración, é aconsellable que teña preparada a seguinte documentación en ficheiros .pdf, para poder anexalos á Declaración:*

*Certificado da compañía aseguradora, no que conste o nome da empresa instaladora, o importe da póliza e os danos que cobre o seguro de responsabilidade civil subscrito, ou da entidade, debidamente autorizada, coa que ten subscrito o aval ou outra garantía financeira equivalente.*

*Características e datos que identifiquen os equipos de medida empregados na súa actividade.*

*Xustificante de ter feito efectivo o pagamento da taxa por tramitación de expediente (102,48 euros para a anualidade 2011).*

*Copia verdadeira das escrituras de constitución da sociedade, no caso de que a empresa instaladora sexa unha entidade xurídica.*

*Fotocopia compulsada do título académico que faculta como titulado competente ao titular da empresa ou a algún dos empregados con contrato laboral.”*

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

Web: <http://www.minetur.gob.es/telecomunicaciones/infraestructuras/registroinstaladores/paginas/index.aspx>

**O modelo normalizado da Declaración Responsable vén recollido na Orde ITC/1142/2010, de 29 de abril, pola que se desenvolve o Regulamento regulador da actividade de instalación e mantemento de equipos e sistemas de telecomunicación, aprobado polo Real Decreto 244/2010, de 5 de marzo, no seu Art.3:**

*«Artigo 3. Modelos de declaración responsable ante o Rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación».*

Polo exposto a tramitación ante os Concellos destas instalacións será mediante **Comunicación previa que deberá acompañar coa Declaración responsable da inscrición ante o Rexistro de empresas instaladoras de telecomunicación**. De oficio o Concello pode comprobar nas bases de datos de instaladores a efectiva inscrición do solicitante.

**O día 11/5/14 entrou en vigor a Lei 9/2014, de 9 de maio, de Telecomunicacións que incorporou ao noso Ordenamento** a Directiva 2009/136/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de novembro de 2009 (Dereitos dos Usuarios), e a Directiva 2009/140/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de novembro de 2009 (Mellor Regulación).

O seu Preámbulo dispón a súa Declaración de intencións respecto á tramitación en Telecomunicacións:

*“Co mesmo obxectivo de facilitar o despregamento de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, procédese a unha **simplificación administrativa, eliminando licenzas e autorizacións por parte da administración das telecomunicacións** para determinadas categorías de instalacións que fan uso do espectro. Na mesma leña prevése unha **revisión das licenzas ou autorizacións por parte das Administracións competentes, eliminando a súa esixibilidade para determinadas instalacións** en propiedade privada ou para a renovación tecnolóxica das redes e facilítase o despregamento das novas redes permitindo o acceso ás infraestruturas doutros sectores económicos susceptibles de ser empregadas para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas.”*

**Destaca sobre todo a súa Disposición Derrogatoria Única (Derrogación Normativa) que deixou sen vigor a Lei 11/1998 Xeral de Telecomunicacións, a Lei 32/2003 Xeral de Telecomunicacións e todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta Lei.**

**E a razón disto último a Disposición transitoria primeira** (Normativa anterior á entrada en vigor desta Lei) **e a Disposición Transitoria Sétima** (Solicitudes de autorizacións ou licenzas administrativas efectuadas con anterioridade), que establecen o seguinte:

#### **Disposición transitoria primeira**

*“As normas regulamentarias en materia de telecomunicacións vixentes con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei ou ditadas en desenvolvemento da Lei*

32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións continuarán vixentes no que non se opoñan a esta Lei, ata que se aprrobe a súa normativa de desenvolvemento.”

### Disposición transitoria sétima

- “1. Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei, e que teñan por finalidade a obtención das licenzas ou autorizacións de obra, instalacións, de funcionamento ou de actividade, ou de carácter medioambiental ou outras de clase similar ou análogas que fosen precisas de acordo coa normativa anterior, tramitaranse e resolveranse pola normativa vixente no momento da presentación da solicitude.
2. Non obstante o disposto no apartado anterior, o interesado poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e, deste xeito, optar pola aplicación da nova normativa no que esta á súa vez resultase de aplicación. Disposición transitoria oitava. Rexistro de operadores.

Á entrada en vigor da presente Lei, mantense a inscrición dos datos que figuren no Rexistro de operadores regulado no artigo 7 da Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións.”

Como se pode observar segue unha liña continuista, malia ser nova e mantén o “status quo” regulatorio, deixando para un futuro Regulamento de desenvolvemento a regulación máis pormenorizada.

Isto vémolos nos artigos 6 e 7 onde vemos, como non varía en principio, ata o futuro desenvolvemento normativo (aquí di expresamente “nos termos que se determinen mediante Real Decreto”) a tramitación da actividade, na cal segue vixente que **con anterioridade ao inicio da actividade, os interesados deberán comunicalo previamente ao Rexistro de operadores, onde figurarán inscritos os datos preceptivos para o desenvolvemento da actividade.**

**Polo tanto non varía por agora o réxime que recolle a Lei 33/2003 e a Lei 12/12, o interesado deberá presentar a Comunicación Previa ante o Concello xunto coa Comunicación Previa da inscrición ante o Rexistro de Operadores, ou no caso de xa estar inscritos, proba fidedigna da súa inscrición (código de verificación, etc...).**

**A modo de apuntamento interesante, destacar a regulación das infraestruturas comúns en edificios, reflectida na:**

**“Disposición adicional terceira. Aplicación da lexislación reguladora das infraestruturas comúns nos edificios.**

As infraestruturas comúns de telecomunicacións no interior dos edificios regúlanse polo establecido na presente Lei, polo real decreto-Lei 1/1998, de 27 de febreiro, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación e os seus desenvolvementos regulamentarios.

**Artigo 45. Infraestruturas comúns e redes de comunicacións electrónicas nos edificios**

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

### **Artigo 32. Situación compartida e uso compartido da propiedade pública ou privada.”**

Estacións radioeléctricas de radioaficionado.

A nova Lei 9/2014 tamén recolle estas estacións:

#### **Disposición adicional décimo novena. Estacións radioeléctricas de radioaficionado.**

*“Na instalación de estacións radioeléctricas de radioaficionado **aplicarase o establecido na disposición adicional terceira da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, sen prexuízo da aplicación da Lei 19/1983, de 16 de novembro, sobre regulación do dereito a instalar no exterior dos inmobles as antenas das estacións radioeléctricas de afeccionados, e a súa normativa de desenvolvemento.**”*

**Deste xeito tamén rexerá a Comunicación Previa ante o Concello para este tipo de estacións.**

Feiras de Oportunidades

**A regulación destas feiras vén recollida no art. 94 da Lei 13/2010, de Comercio Interior de Galicia:**

#### **“Artigo 94. Feiras de oportunidades celebradas por persoas comerciantes**

- 1. Enténdese por feiras de oportunidades aquelas de carácter multisectorial promovidas por persoas comerciantes ou polas súas estruturas asociativas e celebradas fóra dos seus respectivos establecementos comerciais, permanentes ou fixos, en lugares do núcleo urbano habilitados ao efecto polo respectivo concello.**
- 2. A celebración das feiras de oportunidades requirirá comunicación previa á dirección xeral competente en materia de comercio, que deberá realizarse cunha antelación mínima dun mes á data de desenvolvemento da feira. Na devandita comunicación indícarase o número de postos a instalar, as persoas comerciantes participantes e o municipio onde desenvolven a súa actividade, os produtos obxecto de venda, así como a duración e localización da feira e a dimensión espacial da mesma e de cada un dos postos. Así mesmo, deberá achegarse a correspondente comunicación previa ou declaración responsable ao respectivo concello e o informe da Mesa Local do Comercio.**
- 3. As feiras de oportunidades terán por obxecto a celebración de vendas en condicións máis vantaxosas das habituais, resultándolles de aplicación o disposto no capítulo I do título IV da presente lei.**
- 4. Las dúas terceiras partes das persoas comerciantes participantes na feira de oportunidades deberán exercer a súa actividade no respectivo municipio ou**



**comarca**, se o ámbito territorial da feira é comarcal, non podendo ningunha delas ocupar máis dunha décima parte da dimensión espacial da feira.

**5. As ferias de oportunidades terán unha duración máxima de tres días, podendo celebrarse unicamente unha vez ao ano, preferentemente en período de rebaixas.** Excepcionalmente, previo informe do Observatorio do Comercio de Galicia e da Mesa Local do Comercio, poderá autorizarse pola dirección xeral competente en materia de comercio a realización dunha segunda feira de oportunidades no período dun ano.“

Estas feiras como vemos regúlanse mediante a figura da **Comunicación Previa**. Nun primeiro momento o promotor ou promotores deberán presentar Comunicación Previa ante o Concello, o cal mediante a figura do Alcalde/esa como presidente da Mesa informará á mesma para unha posible convocatoria extraordinaria se non coincide o asunto coa convocatoria ordinaria anual. Convocada a Mesa estudará a proposta e informará ao respecto, comunicando o seu informe ao promotor.

**O promotor co informe favorable da Mesa Local de Comercio e a copia da Comunicación Previa presentada ante o Concello deberá presentalos xunto coa Comunicación Previa ante a Dirección Xeral competente en materia de Comercio.**

A modo de inciso a regulación das Mesas Locais de Comercio vén no art.21 da Lei de Comercio Interior de Galicia que é desenvolvido polo Decreto 183/2011, de 15 de setembro.

Feiras de Mostras

A súa regulación aparece no **art. 93 da Lei de Comercio Interior de Galicia e a súa Disposición Final Terceira:**

*“Artigo 93. Das actividades feirais.*

**No concernente á regulación das actividades feirais, estas rexeranse pola Lei específica da Comunidade Autónoma de Galicia nesta materia e polo disposto no seguinte precepto.**

*DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA. Modificación da Lei 1/1996, de 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia.*

*Modifícase o capítulo II da Lei 1/1996, de 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, o cal pasará a ter a redacción seguinte:*

**CAPÍTULO II. CONCEPTO E CLASIFICACIÓN.**

*Artigo 3. Concepto e clasificación.*

1. *Considéranse **actividades feirais**, aos efectos da presente Lei, as manifestacións comerciais que teñen por obxecto a exposición, difusión e promoción comercial de bens e/ou servizos, fomentar contactos e intercambios comerciais e achegar a oferta dos distintos sectores da actividade económica á demanda, sempre que teñan unha duración limitada no tempo e reúnan unha pluralidade de expositores.*

*En virtude das características da oferta exhibida, poderá practicarse a venda directa con retirada de mercadoría, previa autorización expresa da dirección xeral competente en materia de comercio.*

## **2. As actividades feirais clasifícanse en:**

- a. En razón á súa periodicidade: en feiras de carácter periódico e exposicións de carácter non periódico.**
- b. En razón á oferta exhibida: en multisectoriais, aquelas feiras ou exposicións nas que se exhiba unha oferta representativa de distintos sectores da actividade económica, e en monográficas ou salóns, respecto ás cales a oferta se refira a un único sector.**

3. *Tanto nas feiras como nas exposicións poden admitirse pedidos e perfeccionarse contratos de compravenda."*

Polo tanto para coñecer o funcionamento destas feiras debemos atender á súa norma propia, que é a **Lei 1/1996, de 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia:**

### **"Artigo 9. Comunicación previa en materia de actividades feirais.**

1. *A celebración de feiras ou exposicións, agás as feiras mercado de ámbito exclusivamente local, serán obxecto dunha **comunicación previa á consellería competente en materia de comercio**. As finalidades desta comunicación son coordinar as feiras ou exposicións, para a súa difusión e promoción, e garantir un correcto desenvolvemento das mesmas.*

*A administración autonómica exercerá facultades de coordinación para evitar duplicidades de feiras e exposicións oficiais.*

**2. A celebración de feiras mercado de ámbito territorial de influencia exclusivamente local comunicárase previamente ao concello en cuxo termo municipal pretenda realizarse. Os concellos haberán de trasladar as comunicacións recibidas á consellería competente en materia de comercio para a súa incorporación ao Rexistro Oficial de Actividades Feirais de Galicia.**

*Artigo 10. Presentación da comunicación.*

1. *Aos efectos sinalados no artigo anterior, a persoa organizadora presentará a comunicación **cunha antelación mínima de dous meses á data en que pretenda realizar a actividade**.*
2. *A comunicación da celebración de feiras actualizarase, no seu caso, con periodicidade anual.*
3. *Calquera modificación nas condicións reflectidas na comunicación haberá de ser notificada á consellería competente en materia de comercio.*

*Artigo 11. Requisitos.*

*As persoas organizadoras da actividade feiral farán constar na comunicación previa os datos da súa identificación e os seguintes:*

- a. A denominación, ámbito territorial, duración, data e lugar de celebración.*
- b. Os produtos a que se dirixe e a previsión de participantes.*
- c. As características do espazo físico en que vai desenvolverse a actividade, así como os servizos de que dispón.*
- d. A realización ou non de venda directa.*
- e. Aquelas circunstancias que, no seu caso, se determinen regulamentariamente.*

Vemos como estas feiras, ao igual que as de oportunidades se rexen tamén pola figura da **Comunicación Previa**.

**Cando o ámbito de influencia sexa estritamente local, é dicir, que se desenvolva a feira dentro do termo municipal, o promotor/es presentarán Comunicación Previa ante o Concello, que deberá conter os requisitos do art.11 e presentarse cunha antelación mínima de 2 meses á celebración da feira.**

**No caso de ser feiras que se desenvolvan en máis dun termo municipal, a Comunicación Previa deberá presentarse ante a Consellería competente en materia de Comercio.**

Clínicas veterinarias

A lexislación específica que regula estes establecementos atopámola na **Lei 1/1993**, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro e no **Decreto 153/1998**, de 2 de abril, que a desenvolve e o **Decreto 111/2010**, de 24 de xuño, polo que se modifican diversos decretos en materia de agricultura, formación agraria e conservación da natureza, para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior.

Concretamente o **artigo 33.3 do Decreto 153/1998 establece que será *informativa* a inscrición no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro de Galicia:**

*“3. Será informativa a inscrición no registro nas seguintes seccións correspondentes aos establecementos que se sinalan a continuación:*

- a) Establecementos veterinarios.*
- b) Centros dedicados ao acicalamento ou coidados de animais.*
- c) Residencias de animais.”*

Deste xeito coa Comunicación Previa da actividade no Concello en virtude do artigo 24 da Lei 9/13, debería presentar o modelo de Comunicación Previa ao inicio de exercicio de actividade nun establecemento veterinario, nun centro de acicalamento ou coidado de ani-



mais, ou nunha residencia de animais (**Modelo Código MR420A**), dispoñible na web da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

([http://www.xunta.es/formularios/generarPlantillaPDFconselleria=MR&procedimento=420A&version=0.0&idioma=es\\_ES](http://www.xunta.es/formularios/generarPlantillaPDFconselleria=MR&procedimento=420A&version=0.0&idioma=es_ES))

#### Lugares de culto

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, recolleu expresamente a tramitación deste tipo de lugares.

#### ***“Disposición adicional décimo sétima: apertura de lugares de culto***

*Para a **apertura de lugares de culto as igrexas, confesións ou comunidades relixiosas** deberán acreditar a súa personalidade xurídica civil mediante certificado do Rexistro de Entidades Relixiosas, emitido ao efecto, no que constará a localización do lugar de culto que se pretenda constituir. Obtida esa certificación, a súa tramitación axustarase ao disposto no artigo 84.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sen prexuízo de solicitar a licenza urbanística que corresponda.”*

E como ben indica o art.84.1.c da Lei 7/85:

*“c) Sometemento a **comunicación previa ou a declaración responsable**, de conformidade co establecido no artigo 71 bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.”*

Deste xeito na Comunidade Galega a apertura deste tipo de establecementos requirirá a presentación de comunicación previa á que deberá achegar entre a documentación do art.24 da Lei 9/13, o Certificado do Rexistro de Entidades Relixiosas.

#### Clubs privados de fumadores

Hai uns anos púxose de *moda* a proliferación de Clubs privados de fumadores, que buscaban *“en fraude de lei”* a realización de actividades económicas relacionadas coa hostalaría, baixo o manto desta figura que regulaba a Lei 42/2010, de 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, a través da súa Disposición Adicional Novena:

*“DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA. Clubs privados de fumadores.*

*Aos clubs privados de fumadores, legalmente constituídos como tales, non lles será de aplicación o disposto nesta Lei, relativo á prohibición de fumar, publicidade, promoción e patrocinio, sempre que se realice no interior da súa sede social, mentres nas mesmas haxa presenza única e exclusivamente de persoas socias.*

*Aos efectos desta Disposición, para ser considerado **club privado de fumadores** deberá tratarse dunha entidade con personalidade xurídica, carecer de ánimo de lucro e non incluír*

*entre as súas actividades ou obxecto social a comercialización ou compravenda de calquera ben ou produto consumible.*

*En ningún caso se permitirá a entrada de menores de idade aos clubs privados de fumadores.”*

Segundo a regulación da Lei anterior e da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, **estes clubs non necesitaban no seu día nin necesitan na actualidade a cobertura de ningunha figura de intervención administrativa**, sempre que se trate realmente deste tipo de establecementos, xa que se trata dunha actividade non económica desenvolvida no ámbito exclusivamente privado.

### Establecementos de Turismo Rural

*Decreto 191/2004, de 29 de xullo, de establecementos de turismo rural.*

*“Artigo 54*

- 1. Para realizar a actividade propia dos establecementos de turismo rural en calquera dos grupos e modalidades, **será requisito previo a obtención polo centro directivo correspondente da consellería competente en materia de turismo da autorización de apertura e clasificación turística** na que se fixará o grupo e modalidade que lle puidese corresponder conforme á presente ordenación.*
- 2. A administración turística poderá denegar a solicitude de apertura como establecemento de turismo rural daqueles establecementos que, malia atoparse no medio rural, debido á súa proximidade a determinadas estradas, industrias, empresas ou actividades, non reúnan as condicións axeitadas para que os seus clientes poidan gozar do ambiente de tranquilidade propio desta modalidade de turismo.*
- 3. A administración turística tamén poderá denegar a solicitude de apertura como establecementos de turismo rural a aqueles establecementos que se sitúen na proximidade de estruturas urbanas degradadas ou que non dispoñan de vías de acceso axeitadas.”*

Xorde a dúbida sobre se este suposto se incluíría no apartado f) do art.41 da Lei 9/13 e polo tanto o interesado debería tramitar este tipo de establecementos mediante solicitude de licenza ante o Concello, á que debería achegar a preceptiva autorización de apertura e clasificación turística de Turismo ou se pola contra abondaría a presentación de Comunicación Previa coa autorización de Turismo. Parece que a Xunta de Galicia se decantou pola 1ª opción se temos en conta a recente **consulta do Concello da Estrada contestada polo Director Xeral de Emerxencias e Interior de data 17 de marzo de 2014 (nº saída 924/RX 192538) acerca do art.41.f) da Lei**, do que extraemos o seguinte:

*“5ª. Cuestión distinta é a especificidadee introducida na **alínea f) do artigo 41**, cuxo teor literal non resulta contraditorio co disposto na alínea a) do mesmo precepto, xa que non se refire a unha esixencia derivada dunha especial situación de risco, senón a que determinadas actividades polas súas especiais características – **como pode ser o caso das que se desenvolvan en establecementos de xogo (casinos, salas de bingo e salóns de***

Regap



ESTUDOS E NOTAS

**xogo) - están suxeitas por imperativo legal, a unha normativa específica que esixe a concesión de autorización.”**

Establecementos de xogo (casinos, salas de bingo e salóns de xogo)

Como expuxemos na Consulta arriba citada, estes establecementos demandan pola súa normativa específica a tramitación mediante **licenza**.

Establecementos en Centros Comerciais

Os centros comerciais requiren tramitación que será independente da requirida para cada un dos locais instalados neles, que tamén necesitan á súa vez tramitación para iniciar a súa actividade. O centro comercial, a estes efectos, ten unha substantividade propia e distinta á dos diferentes locais que nel se sitúen. Así resulta da sentenza do Tribunal Supremo de 24 de xullo de 2000.

De aí que cada establecemento dedicado a unha actividade económica sexa obxecto de tramitación independente, percibindo cada un deles a correspondente taxa, aínda que formen parte dun mesmo centro comercial. Así o declarou o Tribunal Superior de Xustiza de Baleares en sentenza de 23 de febreiro de 1996.

É evidente a vinculación de ambos os dous tipos de establecementos, porque, ao fin e ao cabo, os locais internos participan duns elementos xerais do centro que demandan a seguridade, o control de posibles molestias ou perigos, etc, que poidan causar as estruturas e instalacións comúns.

**Tribunal Superior de Xustiza de Aragón, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 1ª, Sentenza de 28 Xul. 2004, rec. 161/2001**

*“QUINTO.- Exposto o anterior é claro que declarada a nulidade das licenzas atinentes ao centro comercial, non poden manterse as licenzas dos locais incluídos no mesmo que fosen concedidas a Alcampo S.A., pois a licenza de Centro Comercial condiciona a viabilidade da dos locais que o conforman, e así se desprende da Sentenza do Tribunal Supremo de 24-7-2000 que declara: “Tamén ha de considerarse o terceiro dos motivos alegados pois resulta patente que sendo a licenza controvertida para un Centro Comercial composto por numerosos locais é evidente a necesidade da previa obtención de licenza de apertura, en virtude do disposto no art. 22.3 do Regulamento en servizo de Corporacións locais. Non é discutible a especificidade dun centro comercial, que esixe a previa licenza de apertura a fin de evitar que se obteña a licenza de obras e logo non resulte posible a actividade que se pretende. A argumentación da recorrente no sentido de que a licenza de apertura se require para cada un dos locais que no centro comercial se sitúen non é de recibo. Evidentemente que tales locais necesitan de Licenza de apertura, pero independentemente a iso, tamén o necesita o Centro Comercial que se pretende edificar, que a tales efectos ten unha substantividade propia e distinta dos diferentes locais que nel se sitúan”. En base ao exposto, e dado que polas sentenzas anteriormente enunciadas foron declaradas non conformes a dereito as licenzas atinentes ao centro comercial é obvio, que sen outras consideracións, non pode sosterse a procedencia das licenzas atinentes a un local incluído no mesmo posto que, o contrario contraviría a xurisprudencia anteriormen-*

te referida, ademais de ir contra as regras da lóxica pois o desenvolvemento dunha actividade comercial, incluída un centro comercial, precisa a legalidade de todos os aspectos do centro comercial onde se ubica, en orde ao cumprimento das medidas de todo tipo que procede adoptar e así a Sentenza do Tribunal Supremo de 4-4-1995 teñen declarado “aduce o recorrente como terceiro motivo de casación ao abeiro do art. 95 n° 4 da Lei da xurisdición, a vulneración do principio de liberdade de empresas que a Constitución consagra no art. 38, e tamén procede desestimar ese motivo de casación, pois como refire o Concello recorrido, a liberdade de empresa exercitase e cumpre de acordo co disposto na Lei, e o que se esixa a Licenza de apertura para unha actividade concreta tanto do local en que se vai desenvolver, como do conxunto comercial no que está situada, non afecta á liberdade de empresa no sentido que se denuncia, pois esa actividade previa autorización, o que pretende é que a actividade, a empresa funcione coas debidas condicións de salubridade, seguridade, entre outros, e en garantía e beneficio, tanto das persoas que a prestan como das persoas que han de acudir ao local onde a actividade se presta”.

**En conclusión, se ben a tramitación do centro comercial participa da dos locais que forman parte do mesmo, no sentido de que anulada a primeira decaen todas as demais, tamén é certo que son tramitacións independentes entre si, xa que a primeira é xenérica ou global e as outras específicas de cada actividade.**

Empresas mortuorias

*Decreto 134/1998, de 23 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria.*

*“Artigo 40. Establecemento de empresas funerarias.*

*En virtude do establecido no artigo 25, apartado j), da Lei reguladora de bases de réxime local, **corresponde ás corporacións locais a facultade de outorgar a licenza para o establecemento de empresas para a prestación de servizos funerarios, previo informe da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.**”*

**Estes establecementos non figuran no Anexo da Lei 9/13 e polo tanto non requiren avaliación de incidencia ambiental. Deste xeito a súa tramitación requirirá Comunicación Previa por parte dos interesados, que deberán achegar o informe previo de Sanidade.**

2.1.6 Obras que levan a cabo as empresas de distribución de gas, electricidade e explotacións mineiras

2.1.6.a. Actos de uso do solo e subsolo competencia da Xunta de Galicia

*(Disposición final cuarta: Modificación da Lei 9/2004, de 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia).*

En relación ás obras de canalización das empresas de distribución que proliferan no ámbito dos Concellos (FENOSA, GAS NATURAL, R) introdúcense novidades na súa tramitación.



Engádesse unha disposición adicional quinta á Lei 9/2004, de 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia, coa redacción seguinte:

*“Disposición adicional quinta: actos que non precisan de licenza municipal*

**1. Están exentos de actividade ou funcionamento e de licenza urbanística os actos de uso do solo ou do subsolo incluídos nas resolucións de outorgamento de dereitos mineiros e nos proxectos ou instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica ou de gas para cuxa autorización ou concesión sexa competente a Xunta de Galicia, cando no procedemento de autorización ou no da súa avaliación ambiental estea previsto o trámite de audiencia ao concello ou informe municipal e o proxecto ou instalación sexan compatibles co planeamento e a normativa urbanísticos.**

2. En tales casos, **obtida a autorización ou concesión**, o titular da instalación ou concesión **presentará a comunicación previa** prevista na normativa urbanística e na Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.”

Nun principio podería sosterse que os actos reflectidos nesta disposición só serían controlados polo Concello unha vez no trámite de audiencia ou informe pero o punto 2 aclara que **tamén serán controlados tras a presentación da comunicación previa.**

Polo tanto concedida a autorización ou concesión por parte do órgano autonómico, o titular da concesión ou autorización tería que presentar a **comunicación previa con toda a documentación do art. 24** da lei, e os servizos de inspección do ente local verificar que reúne todos os requisitos.

Á súa vez, entendemos que a ocupación do dominio público en terreo do Concello, en desenvolvemento destas actuacións non exime da preceptiva autorización por parte do Concello.

#### 2.1.6.b. Actos de uso do solo e subsolo competencia dos Concellos

A redacción do artigo 196.1 da LOUGA e a do 194 na redacción dada pola Lei 9/13 induce a confusión respecto á tramitación deste tipo de obras.

O artigo 196.1 esixe licenza municipal máis a autorización do Concello para os actos de edificación e uso do solo e subsolo. A primeira vista parece que para este tipo de *“obras menores”* faría falta licenza máis autorización, pero isto batería frontalmente co artigo 194, que no seu apartado 1 especifica os actos de edificación e uso do solo e subsolo que levan consigo licenza por esixir proxecto de obras segundo a normativa xeral e demais supostos suxeitos a licenza, onde non terían cabida as obras tratadas neste epígrafe.

Unha interpretación sistemática de ambos os dous artigos, pola súa situación no texto legal, títulos dos mesmos, etc... lévanos a pensar que para este tipo de obras rexe a comunicación previa, por ser obras menores e por desenvolverse en dominio público necesitarían autorización municipal.

Por economía procesal entendemos que o interesado presentaría unha comunicación previa especificando os m<sup>2</sup> de dominio público necesarios para levar a cabo a actuación. Desta



maneira o acordo (*único*) de eficacia da comunicación previa pronunciaríase tanto respecto ás obras menores como da autorización da ocupación.

O problema podería xurdir no caso de que pasados 15 días hábiles (como estipula a norma) comezara as obras sen a obtención da autorización, xa que estaría lexitimado ao comezo das mesmas pero non á ocupación do dominio público, que por outro lado sería necesario para levalas a cabo.

Aquí estamos ante as dúas formas de intervención administrativa que conviven na actualidade. Control ex post respecto ás obras menores e control previo respecto á ocupación do dominio público.

Caberían dúas posibilidades ante esta situación:

- 1) A concesión da autorización do dominio público no periodo que media entre a presentación da comunicación previa e o inicio efectivo das obras (é dicir, nesas 15 días).
- 2) A verificación por parte dos servizos de inspección de que a ocupación proposta non entraña problemática ningunha (no prazo de 15 días).

Posteriormente á finalización das obras outorgaríase o acordo de eficacia.

Regap



### 2.1.7 Cambio de titularidade de actividades

A normativa que rexe na actualidade en Galicia para as transmisións de actividades componse dos seguintes artigos:

Artigo **24.3 da Lei 9/2013**, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

Artigo **3.2 da Lei 12/12**, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Artigo **28 da Lei 13/2010**, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia.

Artigo **13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais**, aprobado polo Decreto de 17 de xuño de 1955.

O cambio de titularidade esixirá a **comunicación por escrito ao concello de quen ostente a nova titularidade** a teor do disposto no art. 24.3 da Lei 9/13.

Pola súa parte, o art.13.1 do RSCL establece que o **antigo e o novo construtor ou empresario deberán comunicalo por escrito á Corporación**, sen o cal quedarán ambos os dous suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

En virtude da Disposición Derrogatoria 1ª da Lei 9/13, o RSCL segue en vigor en todo o que non contradiga á nova Lei.

Polo tanto, aquí é cando xorde a dúbida acerca da tramitación da comunicación previa do cambio de titularidade.

Unha primeira interpretación ríxida, a teor do art. 24.3 da nova Lei, parece indicar, que abondará a simple comunicación do novo titular, sen intervención ningunha do anterior.

Outra interpretación máis flexible, cabería integrando ambos os dous elementos normativos (RSCL+Lei 9/13). Deste xeito, malia que a comunicación a presentaría e asinaría só o novo titular, non existiría óbice en que este presentase o documento público ou privado onde figurase a efectiva transmisión realizada entre ambos os dous, sen necesidade de que o anterior asinase a comunicación previa. Xunto a este documento, tamén podería esixirse a presentación da anterior licenza, obxecto da transmisión.

Neste punto parécenos interesante traer a conto o art.27.2 da Lei 9/13 que di:

**“2. Quen ostente a titularidade das actividades debe comunicar ao órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo ás condicións ou características da actividade ou do establecemento.”**

Isto podería supoñer que cando se producise un cambio nas condicións da actividade, como sería o cambio de titularidade da mesma, o titular (anterior), antes de que se producise a presentación da comunicación previa por parte do novo titular, debería comunicar o futuro cambio e a baixa.

Deste xeiro, confluírían ambas as dúas vontades, a do anterior titular de maneira previa e a do novo titular coa presentación efectiva da comunicación previa.

**Consultada a Consellería de Economía e Industria, recomendan a postura ríxida.**

Coa única sinatura do novo adquirente, o lexislador parece pretender evitar os problemas comúns de falta de vontade do anterior titular que se negaba a asinar o cambio, tanto ao novo titular como ao propietario, ou cando simplemente se atopaba ilocalizable.

#### 2.1.8 Eficacia en todo o territorio nacional das actuacións administrativas

A partir do **11/3/14 entra en vigor o art. 20 da Lei 20/13 de garantía de unidade do mercado**. Desta maneira calquera figura de intervención administrativa outorgada en calquera parte do territorio nacional, terá pleno vigor en todo o Estado.

**Excepcións:**

- 1) Actividade vinculada a unha concreta instalación ou infraestrutura física. Desta maneira a priori parece que só as actividades de venda ambulante, feiras ou circos se beneficiarían desta eficacia sempre que se desenvolvan en terreo privado en concordancia coa excepción que vén a continuación.**
- 2) Actividade que leve consigo a ocupación dun determinado dominio público.**

**A Lei 20/13 de garantía de unidade do mercado, en prol da defensa dos dereitos e intereses dos operadores económicos no seu art.26 estableceu un procedemento de reclamación relativa ás incompatibilidades coa liberdade de establecemento ou de circulación.**

Estas reclamacións poden dirixilas a operadores económicos ante actuacións que sexan susceptibles de recurso administrativo, deste xeito non poden dirixirse contra unha Lei directamente, pero si contra un **Regulamento ou acto administrativo**, no prazo **dun mes** desde a súa publicación ou notificación e irá dirixida á **Secretaría do Consello para a Unidade de Mercado**, que depende da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa, do Ministerio de Economía e Competitividade.

**Ex:** Reclamación contra a Ordenanza dun Concello que establece o réxime de licenza para “*obras menores*” (Ordenanzas aínda non adaptadas á Lei 9/13).

O Ministerio de Economía e Competitividade publicou na súa web diversa documentación relativa á Lei de Garantía de Unidade de Mercado e concretamente respecto aos mecanismos de protección dos operadores económicos, entre os que destaca unha “**Guía para o cidadán**”, que establece unha serie de “*situacións xenéricas*”, *obxecto de posible reclamación*, por ex.: “**Contra a esixencia, a unha empresa de telecomunicacións, de apertura dun establecemento físico para exercer nunha Comunidade Autónoma, se xa está establecido como tal noutra Comunidade.**”

Trouxemos a conto este exemplo, porque nos chamou a atención, posto que sería unha das excepcións ao principio de eficacia dos instrumentos de intervención, xa que a actividade se vincula a un concreto establecemento físico para esa empresa de telecomunicacións, é dicir, non é o mesmo unha Comunicación Previa na rúa X de Salamanca que na rúa B de Lalín, xa que os locais serán diferentes, con todas as consecuencias que iso supón (como por exemplo usos permitidos na Ordenanza, condicións técnicas como carga de lume, etc...).

A relevancia do art.20 da Lei é sumamente importante, xa que impide a duplicidade de controis en todo o territorio nacional e existe **un plus na súa defensa a través dun procedemento de reclamación “ad hoc”, á parte da reclamación administrativa.**

Para consultar a información e documentación son a Lei de Garantía de Unidade de Mercado, consultar o seguinte enlace na web do Ministerio de Economía e Competitividade:

**<http://www.mineco.gob.es/portal/site/mineco/menuitem.32ac44f94b634f76faf2b910026041a0/?vgnnextoid=831af90acb864410VgnVCM100001d04140aRCRD>**

### 2.1.9 Actividades en edificacións fóra de ordenación

Actualmente existe uniformidade tanto na doutrina como na xurisprudencia respecto á **continuación e inicio de actividades en edificios fóra de ordenación. É dicir, se a actividade é compatible urbanisticamente na clase de solo onde se sitúe, respectando tanto as Ordenanzas como o Planeamento, poderá desenvolverse.**

Xurisprudencia

**Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección Segunda, Sala do Contencioso-Administrativo, de data 22 de decembro de 2011 (resolución nº 1249/2011, recurso nº 4458/2011):**

regap



ESTUDIOS E NOTAS

*“A primeira cuestión á que debemos facer referencia pódese delimitar como o réxime xurídico aplicable aos usos que se levan a cabo en edificios en situación de fóra de ordenación. Cuestión sobre a que xa se pronunciou en reiteradas ocasións o Tribunal Supremo. **“Sería contrario a toda lóxica xurídica –di o Tribunal Supremo– que, mentres o inmovible fose de ordenación subsista, non desenvolva a súa aptitude como ben económico-social que é e, absurdamente, haxa de estar condenado de modo irremisible a non prestar utilidade ningunha”** (S 13.06.1980). Por iso, que un edificio estea fóra de ordenación non é obstáculo a que siga a empregarse: **“non é obstáculo para outorgar unha licenza de apertura o feito de que o edificio ou o local no que a actividade haxa de establecerse estea fóra de ordenación (...) pois unha cousa é que o edificio estea fora de ordenación (...) e outra moi diferente que o inmovible non poida empregarse”** (SS 22.06.1972, 17.12.1974, 13.06.1980, 24.01.1986, 02.06.1987, 12.12.1988, 07.03.1989 e 03.05.1990, entre outras)”.*

**Sentenza do T.S., Sala Terceira, Sección Quinta, de 03.11.2005, (recurso nº 6660/2002) que dispón:**

***“nun edificio en situación de fóra de ordenación poden seguir desenvolvéndose actividades que o planeamento permita alí onde o edificio se atope, e certo é, polo tanto, que non cabe denegar as autorizacións necesarias para o desenvolvemento da actividade con fundamento, só, nesa situación de fóra de ordenación; pero o que non cabe é desenvolver unha actividade determinada nun solo no que o planeamento non o permite”***

E na mesma liña que as anteriores, que son máis próximas no tempo, atopamos as seguintes:

- **TS na súa Sentenza de 8 de xuño de 1982**
- **Sentenza do TS de 2 de outubro de 1991**
- **Sentenza do TS de 3 de maio de 1990**
- **Sentenza de 3 de abril de 2000**

**Exemplos:**

- a)** É relativamente frecuente atoparnos con **talleres de reparación de vehículos situados en solo rústico**, que ao pasar o prazo de exercicio da acción de reposición da legalidade (6 anos) desde o remate da edificación, se atopan en situación de fóra de ordenación e polo tanto non poden demolerse. Pero non podemos obviar que esta actividade nesta clase de solo é incompatible e polo tanto está prohibida. Temos que lembrar que o uso mentres se siga desenvolvendo non prescribe e polo tanto esta actividade é inviable, a no ser que cambie o Planeamento e este a permita.
- b)** Do mesmo modo atopámonos con edificios que quedan en situación de fóra de ordenación, en cuxos **baixos se desenvolven actividades comerciais** (poñamos como exemplo un bar), e chegado o momento preténdese realizar un cambio de titularidade da actividade preexistente ou un cambio de actividade (exemplo restaurante). Como

dixemos, se estas actividades respectan as Ordenanzas e planeamento non existe óbice para realizalas.

### 3 O réxime sancionador

O **réxime sancionador** xeral era ata agora o recollido no art.141 da LBRL, e sectorialmente para casos incidentais e puntuais o recollido na LOUGA, na Lei 1/1995 de protección ambiental de Galicia e na Lei 13/10 de Comercio Interior de Galicia.

Deste modo procedeuse a coa nova Lei traer un réxime sancionador sectorial e específico na materia, previsto nos art.58 e ss da nova Lei. Deste modo as diversas Ordenanzas entendemos que non poden basearse xa no art.139 e 141 da LBRL:

*“Artigo 139. Tipificación de infraccións e sancións en determinadas materias*

*Para a axeitada ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos, os entes locais poderán, **en defecto de normativa sectorial específica**, establecer os tipos das infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nas correspondentes ordenanzas, de acordo cos criterios establecidos nos artigos seguintes.*

*Artigo 141. Limites das sancións económicas*

**Salvo previsión legal distinta**, as multas por infracción de Ordenanzas locais deberán respectar as seguintes contías:

- *Infraccións moi graves: ata 3.000 euros.*
- *Infraccións graves: ata 1.500 euros.*
- *Infraccións leves: ata 750 euros.”*

A Ordenanza xa non se pode amparar no “*defecto de normativa sectorial específica*”, e “*salvo previsión legal distinta*”, xa que esta normativa agora si que existe.

Polo tanto prodúcese un cambio amplo tanto respecto ao baremo cuantitativo como cualitativo do réxime sancionador, sendo agora integral en canto á casuística recollida, como ás posibles formas de sancionar.

*Artigo 58. Sancións*

1. *As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 300,51 euros.*
2. *As infraccións graves poderán ser sancionadas alternativa ou acumulativamente nos termos previstos salvo que resultasen incompatibles con:*
  - a) *Multa de 300,52 a 30.050,61 euros.*
3. *As infraccións moi graves poderán ser sancionadas alternativa ou acumulativamente nos termos previstos salvo que resultasen incompatibles con:*



a) *Multa de 30.050,62 ata 601.012,1 euros.*

## 4 As Eccom (art. 47-50)

Mención á parte merece a introdución das **Eccom** (Entidades de certificación de conformidade municipal) en Galicia, figura que xa consta con anterioridade noutras partes do Estado, como por exemplo a Comunidade Autónoma de Madrid, que foi a pioneira na súa aparición, coas **Eclu** (Entidades colaboradoras na xestión de licenzas urbanísticas) e a nivel estatal foron propostas pola Disposición Adicional Segunda da Lei 12/12:

*“Disposición adicional segunda. **Habilitación ás entidades colaboradoras.***

*Para o desempeño da actividade de comprobación dos requisitos e circunstancias referidos na declaración responsable ou comunicación previa reguladas no artigo 4 desta Lei, as **corporacións locais competentes poderán recorrer á colaboración privada de entidades de valoración, comprobación e control, legalmente acreditadas, a través das cales poderá xestionarse a totalidade ou unha parte da actividade de comprobación.** As devanditas entidades actuarán en réxime de concorrencia. En calquera caso, os interesados, a efectos da valoración dos requisitos manifestados nas súas declaracións responsables, ou nas súas comunicacións previas, poderán libremente facer uso ou non dos servizos das devanditas entidades, sen que diso poida derivarse tratamento diferenciado ningún por parte da administración competente, destinataria da comunicación.”*

### Carácter facultativo das Eccom:

*“A intervención das entidades de certificación de conformidade municipal será **facultativa**, e non substituirán en caso ningún as potestades de comprobación, inspección ou calquera outra da Administración, pero serán as responsables fronte a ela dos extremos obxecto de certificación.”*

*Habida conta de que o cometido das entidades de certificación da conformidade ha de levarse a cabo cun elevado nivel de calidade e de profesionalidade, que deben rexerse conforme aos principios de imparcialidade, confidencialidade e independencia, que o seu labor terá **efectos administrativos para os cidadáns e que o seu funcionamento e actos estarán baixo o control da Administración, está xustificado que por razóns de interese xeral a súa actividade estea sometida a autorización administrativa previa** nas condicións contempladas no artigo 5 da Lei 17/2009, de 23 de novembro, establecéndose para iso requisitos obxectivos que garantan a non discriminación e a proporcionalidade.*

E na nova Lei 9/13 aparecen nos artigos 47 e seguintes, sendo salientable pola súa importancia e novidade o apartado 3:

*“Artigo 47.3:*

***3. As Eccom serán as únicas responsables fronte ás administracións públicas do contido das súas certificacións, certificacións, inspeccións e controis de conformidade, e a súa actuación substituirá a responsabilidade dos demais interesados.”***

A teor do reformado artigo 194 da LOUGA, o anterior non é certo, xa que este último dispón a responsabilidade solidaria de todos os que interveñen na comunicación previa, xa sexan promotores, propietarios ou técnicos. Polo tanto a administración podería dirixirse a calquera en prol de dirimir a posible responsabilidade en que se incorrese, sen ser as Ecom, n caso de ter participado, as únicas que respondesen.

Do réxime de responsabilidade anterior extraemos a seguinte **conclusión**:

Un interesado terá máis alicientes para contratar unha Ecom, que a un profesional libre, xa que mentres a Ecom será a única responsable fronte o Concello, se contrata un profesional libre, responderá xunto con este e os demais posibles intervinientes de forma solidaria.

Aquí subxacen dous réximes distintos de responsabilidade:

- a) **Único** da Ecom.
- b) **Solidario** de todos os intervinientes (proxectista, propietario terreos, etc...).

**Parece manifesta a vontade do legislador de decantarse e fomentar a figura das Ecom, fronte os profesionais proxectistas. A regulación das Ecom no futuro Regulamento de Desenvolvemento da Lei 9/13 dará luz a estas cuestións.**

Hai que ter sumo coidado coa normativa anterior tras as Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid respecto á Ordenanza pola que se establece o Réxime de Xestión e Control das Licenzas Urbanísticas de Actividades do Concello de Madrid:

- TSX de Madrid Sala do Contencioso-Administrativo, sec. 2ª, S 17-2-2011, núm. 303/2011, rec. 701/2009. Pte: González dara Mingo, Sandra, **ratificada recentemente polo Tribunal Supremo, onde se anulan 57 artigos da Ordenanza, incluídos todos os relacionados coas Entidades Colaboradoras.**
- TSX de Madrid Sala do Contencioso-Administrativo, S 17-2-2011, núm. 311/2011, rec. 613/2009. Pte: López de Hontanar Sánchez, Juan Francisco.

Estas sentenzas poñen en dúbida a figura das ECLUS (Entidades Externas de Certificación no procedemento de emisión de Licenzas Urbanísticas). Estas sentenzas, anulon numerosos preceptos desta Ordenanza por motivos tan distintos como os seguintes:

- Infracción do Principio de Xerarquía Normativa, xa que a Ordenanza foi publicada con anterioridade á Lei Autonómica que podería darlle cobertura xurídica.
- Establecemento de Prestacións Patrimoniais Públicas mediante unha norma de carácter regulamentario (Ordenanza), xa que o particular debe pagar á ECLU polo seu certificado de conformidade.
- A posible violación do domicilio dos particulares por parte destas ECLUS nos labores de inspección.
- O incumprimento do principio constitucional de tutela xudicial efectiva, ao establecerse un previo recurso ante a ECLU e o conseguinte atraso ao acceso á Orde Contenciosa.

## 5 Modificacións Louga respecto ás licenzas urbanísticas

### 5.1 Prodúcese variacións respecto aos supostos suxeitos a licenza urbanística:

#### **Art. 194.2 Louga (Antiga redacción):**

**2. Estarán suxeitos a previa licenza municipal, sen prexuízo das** autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación aplicable, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo, tales como as parcelacións urbanísticas, os movementos de terra, as obras de nova planta, a modificación da estrutura ou aspecto exterior das edificacións existentes, a primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos, a demolición de construcións, **a colocación de carteis de propaganda visibles desde a vía pública, os cerramentos e valados de fincas** e os demais actos que se sinalen regulamentariamente.

#### **Disposición final terceira: Modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia**

**Catro.** O apartado 2 do artigo 194 queda coa redacción seguinte:

«**2.** Estarán suxeitos a previa licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación aplicable, os seguintes actos de uso do solo e do subsolo:

- a)** Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- b)** As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- c)** As demolicións.
- d)** Os muros de contención de terras.
- e)** Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- f)** As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de fincas en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación urbanística.
- g)** A primeira ocupación dos edificios.
- h)** A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.
- i)** A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando devandita corta se derive da lexislación de protección do dominio público.»

**Cinco.** Engádense os apartados 4, 5, 6, 7 e 8 ao artigo 194 coa redacción seguinte:



«4. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa previsto no presente artigo os actos de uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establecesen nas leis.

Polo tanto a colocación de carteis de propaganda visibles desde a vía pública, los cerramentos e valados de terreos e os demais actos que se sinalen regulamentariamente quedarán exentos de licenza urbanística e será suficiente a presentación da comunicación previa.

Doutro lado especifícanse dous novos supostos suxeitos a licenza, os epígrafes h) e i),—casas prefabricadas provisionais e permanentes e corta de árbores—.

A comunicación previa convértese no “*procedemento abreviado obrigatorio*” que propugnaba o art.196.5 da Louga introducido pola Lei 8/2012 de vivenda de Galicia:

**“Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, os concellos poderán establecer procedementos abreviados de obtención de licenzas de obras menores no mesmo momento da solicitude.”**

Agora xa non será discrecional “*poderán*” senón que a comunicación previa será o procedemento regrado.

Por outro lado establecíase a obtención da licenza de obra menor no mesmo momento da solicitude e agora coa nova regulación existe un período de vacatio para o comezo das obras de 15 días hábiles segundo a nova redacción do art.194.5 da Louga:

**“...Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos esixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.”**

## 5.2 Difuminación entre os conceptos de obras maiores e menores

Cómpre precisar que non todos os actos de edificación e uso do solo e subsolo que precisen proxecto de obras van estar sometidos a licenza, xa que, como establece o apartado a) do artigo 194.2, só serán aquelas que conforme á normativa xeral de Ordenación da Edificación precisen de proxecto técnico.

O art. 2.2 da Lei 38/1999, de Ordenación da Edificación, na redacción dada pola Lei 8/2013, de Rehabilitación, Rexeneración e Renovación Urbanas, establece que requirirán proxecto as seguintes obras:

- 1º) As obras de edificación de nova construción, agás aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta. *Suprime de forma eventual ou permanente*
- 2) **Todas as intervencións sobre os edificios existentes**, sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial na composición



xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto mudar os usos característicos do edificio.

- 3) As obras que teñan carácter de intervención total en edificacións catalogadas e aquelas de carácter parcial que afecten a elementos ou partes obxecto de protección, é dicir, os mesmos actos indicados no apartado b) do art. 194.2 indicado.

Isto non quere dicir, porén, que non haxa outros actos de edificación aos que se lles poida esixir proxecto técnico, senón que aínda que o requiran non teñen por que estar sometidos a licenza.

O art.195.3 da LOUGA establece a esixencia de proxecto técnico a unha serie de obras que non estarían incluídas nas mencionadas, como serían aquelas que, aínda que sexan de escasa entidade construtiva, alteren o volume, ou afecten ao deseño exterior sempre que non sexa de maneira esencial, ou afecten á estrutura por pouco que sexa sempre que non afecte ao conxunto do sistema estrutural, como establece a Lei de Ordenación da Edificación.

Estes casos de obra aos que se refire a LOUGA, esixen proxecto técnico e estarían sometidos á comunicación previa, mentres que as obras que esixen o devandito proxecto por imperativo da Lei de Ordenación da Edificación, que antes vimos, serían supostos de actos de edificación suxeitos a licenza municipal.

Por iso a diferenza que antes existía entre obras maiores (proxecto técnico) e obras menores é hoxe en día irrelevante, xa que prima a distinción entre obras sometidas a licenza e obras sometidas a comunicación previa, aínda que se lles esixa proxecto técnico para iso.

### 5.3 Legalizacións

Debe comprobarse a realidade física executada e razoar o cumprimento da normativa urbanística de aplicación no momento en que se solicita a licenza de “legalización”.

#### **Exemplos:**

- Obras a legalizar: muro de peche. A nova redacción da LOUGA establece que están sometidas a comunicación previa, polo tanto a legalización das mesmas deberá presentarse por comunicación previa.
- Obras a legalizar: vivenda unifamiliar. Actuación sometida a licenza, é dicir, para a legalización terá que solicitar a preceptiva licenza.

#### **Xurisprudencia** acerca desta cuestión:

“Para obter a legalización cómpre a presentación dun proxecto que coincida coas obras realizadas: o obxecto do control administrativo recae pois sobre as obras e o proxecto” (STS 17-10-1990).

“A ordenación aplicable ha de ser a vixente ao tempo de outorgarse ou denegarse a licenza se esta resolución se dita dentro do prazo regulamentario para iso e noutro caso ha de estarse á normativa vixente ao tempo da solicitude da licenza” (STS, 12-11-1997). Vid. tamén STS 15-4-2002.

## 5.4 Exclusión das multas coercitivas en actos urbanísticos distintos ás obras (actividades)

Nos actos reflectidos no artigo 211, xa non posúe cobertura legal o establecemento de multas coercitivas para a execución forzosa dos actos acordados, pola nova redacción do artigo dada pola Lei 9/13.

A redacción anterior da Louga, establecía o seguinte:

*211.4 Para a execución forzosa das medidas adoptadas polo alcalde será de aplicación o disposto no artigo 209.6 da presente lei.*

*209.6. No caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata acadar a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.*

E dicimos que non existe cobertura legal traendo a conto o artigo 99 da Lei 30/92:

*Artigo 99. Multa coercitiva*

**1. Cando así o autoricen as leis, e na forma e contía que estas determinen, as Administracións Públicas poden, para a execución de determinados actos, impoñer multas coercitivas, reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, nos seguintes supostos:**

- a)** Actos personalísimos en que non proceda a compulsión directa sobre a persoa do obrigado.
  - b)** Actos en que, procedendo a compulsión, a administración non a estimase conveniente.
  - c)** Actos cuxa execución poida o obrigado encargar a outra persoa.
2. A multa coercitiva é independente das sancións que poidan impoñerse con tal carácter e compatible con elas.

Deste xeito a imposición das multas coercitivas non atopa amparo legal ningún.

## 5.5 Novidade introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local

Modificación *indirecta* do artigo 177 da LOUGA respecto ao destino do Patrimonio municipal do solo:

O 31/12/13 entrou en vigor a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, cuxa disposición final cuarta introduciu o nº5 do artigo 39 da Lei do Solo estatal:



**“5. Excepcionalmente, os municipios que dispoñan dun patrimonio público do solo, poderán destinalo a reducir a débeda comercial e financeira do Concello, sempre que se cumpran todos os requisitos seguintes:**

- a) *Ter aprobado o orzamento da Entidade Local do ano en curso e liquidado os dos exercicios anteriores.*
- b) *Ter o Rexistro do patrimonio municipal do solo correctamente actualizado.*
- c) *Que o orzamento municipal teña correctamente contabilizadas as partidas do patrimonio municipal do solo.*
- d) *Que exista un Acordo do Pleno da Corporación Local no que se xustifique que non é necesario dedicar esas cantidades aos fins propios do patrimonio público do solo e que se van destinar á redución da débeda da Corporación Local, indicando o modo en que se procederá á súa devolución.*
- e) *Que se obtivese a autorización previa do órgano que exerza a tutela financeira.*

*O importe do que se dispoña deberá ser repostado pola Corporación Local, nun prazo máximo de dez anos, de acordo coas anualidades e porcentaxes fixadas por Acordo do Pleno para a devolución ao patrimonio municipal do solo das cantidades empregadas.*

*Así mesmo, os orzamentos dos exercicios seguintes ao de adopción do Acordo deberán recoller, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades citadas no parágrafo anterior. “*

Este novo apartado entendemos que ten plena eficacia en todo o ámbito nacional, polo que as distintas Comunidades Autónomas deberán incorporalo á súa lexislación urbanística, xa que a súa regulación entra dentro do ámbito das competencias estatais.

## 6 Desenvolvemento Regulamentario da Lei

Convén facer un inciso sobre o desenvolvemento regulamentario da Lei, que figura na súa Disposición Final Sexta:

*“Disposición final sexta: Habilitación normativa*

- 1. Autorízase ao Consello da Xunta de Galicia a ditar as disposicións para o desenvolvemento regulamentario da presente lei. **No prazo de seis meses, a Xunta de Galicia aprobará un regulamento único que estableza o réxime xurídico e o procedemento de intervención administrativa das actividades obxecto desta lei.****
- 2. Facúltase á Xunta de Galicia para que, mediante decreto, poida modificar o anexo da presente lei coa finalidade de adaptalo á normativa de aplicación e aos requirimentos ambientais ou de carácter técnico.**
- 3. Facúltase á persoa titular da Consellería de Economía e Industria para que, mediante orde publicada no Diario Oficial de Galicia, aprrobe un modelo de comunica-**

***ción previa ao exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación naqueles municipios da Comunidade Autónoma de Galicia que non teñan aprobadas ordenanzas municipais.***

Esta Disposición final é de suma importancia, pois durante o *interin*, no que non se publique ese Regulamento único (*imperativo: aprobará*) no prazo de 6 meses seguintes á aprobación da norma e a posible orde co modelo de comunicación previa, os Concellos poden adoptar

## **2 posturas:**

- 1) Adaptar inmediatamente as súas ordenanzas e modelos á nova lei mediante a modificación das mesmas e a súa respectiva aprobación, coa tramitación e prazos que iso leva consigo.
- 2) Agardar a que o Goberno autonómico aprobe tanto regulamento como modelo e en base aos mesmos adaptalas (ordenanza e modelos), ben directamente declarándoas derogadas na parte que non sexa compatible co novo regulamento e integrando ambas as dúas (regulamento+ordenanza) ao decláralas derogadas totalmente e rexerse única e exclusivamente pola normativa autonómica.

A primeira postura podería supoñer que tras a modificación inmediata da Ordenanza; ao cabo dos 6 meses ou o período que tarde o órgano autonómico en aprobar o Regulamento, teña que volver a modificarse por non adaptarse ás disposicións da nova normativa.

A segunda opción levaría consigo agardar á promulgación do Regulamento e mentres tanto coordinar as disposicións da nova lei coas actuais das ordenanzas que non a contradigan, paliando as posibles lagoas e obstáculos que vaian xurdindo.

Temos que lembrar que os prazos que se auto-impón o Goberno autonómico, rara vez se cumpren, e por poñer un exemplo próximo a Lei 12/2011 de medidas fiscais e administrativas, entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2012 e a súa Disposición Derrogatoria Única establecía a derogación da Lei 7/97 de protección contra a contaminación acústica e a súa normativa de desenvolvemento e que a Xunta de Galicia **“...no prazo dun ano deberá aprobar un decreto...”**, é dicir a **1 de xaneiro de 2013 debería estar aprobado este Decreto.**

A realidade é que a día de hoxe (xaneiro 2014) a Xunta de Galicia sacou unha nota de prensa na que Alfonso Rueda di que se impulsará a súa aprobación durante este mes...

No recente **“Curso técnico sobre cambios e novidades legislativas en materia de Avaliación Ambiental. Normativa estatal e autonómica”**, celebrado na Escola de Administración Pública de Galicia o día 13 de marzo de 2014, o xefe do Servizo de Prevención e Xestión Ambiental da Xunta de Galicia, Manuel Díaz Cano, resaltou que teñen a intención de aprobar o Regulamento de desenvolvemento da Lei 9/13 no presente ano 2014.

**6.1.** Seguindo coa técnica legislativa que tanto gusta ao lexislador actual, tanto estatal como autonómico, as **Leis de Orzamentos poderán modificar esta Lei 9/13 en todo o seu contido**, e visto o visto, calquera outra que se propoñan.

***“Disposición final sétima. Leis de orzamentos***

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

***As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia poderán modificar as disposicións contidas na presente lei.”***

## 7 Réxime Transitorio

### Entendemos como fundamental a Disposición Transitoria 1ª:

*“Disposición transitoria primeira: Réxime transitorio das licenzas e autorizacións*

- 1. Todas as solicitudes de licenzas e de autorizacións presentadas antes da entrada en vigor da presente lei réxense pola normativa de aplicación no momento en que se solicitaron, sen prexuízo do cumprimento en todo momento das condicións técnicas que poidan afectar á seguridade das persoas e dos bens ou á convivencia entre a cidadanía.*
- 2. Os interesados e interesadas poderán optar entre a continuación do procedemento ou o desistimento do mesmo, acolléndose ao previsto na presente lei.”***

Esta Disposición posúe unha **aplicación práctica** de suma importancia, pois os interesados poden exercer o seu **dereito de opción** instaurado pola mesma, para desistir da tramitación anterior para acollerse á nova regulada na Lei 9/13.

### **Esta aplicación práctica vai verse fundamentalmente nas actividades con incidencia ambiental e recreativas e de espectáculos públicos.**

Poñamos un **exemplo**:

Un interesado presentou unha solicitude de licenza de actividade para desenvolver a actividade de Taller de reparación de vehículos, lavado e engraxamento cunha superficie superior a 1000 m<sup>2</sup> con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/13 (9-10-13).

Esta actividade segundo o derogado Decreto 133/08 estaba sometida a incidencia ambiental, polo que o Concello X tramitoua como tal a teor do Decreto.

Actualmente (marzo 2014) a situación do expediente é que aínda non se realizou o trámite de exposición pública que requiría o art. 8 do Decreto 133/08, pero si existen informe urbanístico de compatibilidade e informe do técnico de medio ambiente do Concello, ambos os dous favorables.

Deste xeito ao administrado beneficiarao optar por desistir deste expediente e acollerse á tramitación da Lei 9/13, xa que este tipo de actividade segundo o seu Anexo non é unha actividade sometida a Incidencia ambiental. Existindo os informes dos técnicos favorables, a presentación da Comunicación Previa completa por parte do interesado faríao acreedor do acordo de eficacia da actividade por parte do Concello.

Todo isto, grazas ao **principio de conservación das actuacións (art.66 Lei 30/92) e de economía** que rexen no Dereito Administrativo, polo cal, malia desistir do anterior expediente, a documentación e actuacións desenvolvidas no mesmo poden empregarse no novo.

## 8 Efectos do silencio nas distintas figuras de Intervención Administrativa

A institución do silencio administrativo cobra unha relevancia moi importante na tramitación administrativa dos distintos tipos de actividades e variou constantemente ao longo dos últimos tempos desde unha posición máis restritiva, é dicir silencio negativo a unha última postura máis flexible, **hoxe día é a norma o silencio positivo e o negativo meramente residual.**

Dados os efectos que leva consigo o silencio e a complexa maraña legislativa que recolle os distintos supostos, pensamos que sería conveniente analízalo de forma pormenorizada e baseándonos nas distintas figuras de intervención administrativa (Comunicación previa, licenza, autorización):

### 1. Comunicación Previa de obras ou de actividades

As comunicacións previas son **actos xurídicos de particulares**, que sempre que reúnan todos os requisitos do art.24 da Lei 9/13 producen efectos (habilitan) desde o momento da súa presentación (*ab initio*). Deste xeito falar de silencio nas mesmas non parece de todo correcto, xa que a figura do silencio desde que se produce (*a posteriori*), xera efectos como se fose un acto administrativo expreso. En cambio, como dixemos con anterioridade, a comunicación previa despreza os seus efectos desde o momento inicial, e só despois perdería a súa eficacia, tras a intervención do Concello (por exemplo mediante requirimento de documentación ou tras a inspección).

Ao non ser actos administrativos, como dixemos, non podemos aplicar as disposicións dos mesmos, entre elas o silencio administrativo.

#### **O art.42.1 (Obriga de resolver) da Lei 30/92 expón:**

***“Exceptúanse da obriga, a que se refire o parágrafo primeiro, os supostos de remate do procedemento por pacto ou convenio, así como os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á administración.”***

Polo tanto a comunicación previa non está suxeita á obriga de resolver e non é acreedora da aplicación da figura do silencio sobre a mesma.

### 2. Licenzas de obras, primeira ocupación, segregación, etc...

O art.195.5 da Louga di:

***“5. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. No caso de obras menores, o prazo será dun mes.***

***Transcorrido o devandito prazo sen terse comunicado ningún acto, entenderase outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43***



*e 44 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.”*

**Neste apartado a Louga debeu ser modificada pola Lei 9/13, xa que as obras menores agora van por comunicación previa e o Concello non ten o prazo de 1 mes para resolver a súa tramitación...**

**O art.148 do Borrador da Louga xa corrixe o anterior, suprimindo o relativo ás obras menores.**

Hai que relacionar este apartado nº5 co nº1 do mesmo art.195 da Louga:

*“1. As licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos.*

***En ningún caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo licenzas en contra da lexislación ou planeamento urbanístico.”***

**Polo tanto, malia transcorrer os 3 meses na tramitación da licenza, se a solicitude non é acorde coa normativa urbanística, este silencio positivo non producirá efecto ningún.**

Dentro da Lei 9/13 existen especificidades respecto ás actividades con incidencia ambiental e recreativas e de espectáculos públicos.

O art.36.2 establece para a declaración de incidencia ambiental:

***“2. A declaración de incidencia ambiental deberá ser emitida no prazo máximo de dous meses desde a presentación da solicitude. Se se supera o citado prazo, a declaración entenderase favorable, quedando a persoa solicitante vinculada polas medidas preventivas, correctoras e de restauración recollidas na memoria presentada coa solicitude.”***

Polo valor do ben protexido neste aspecto, a non emisión da declaración debería entenderse desfavorable, xa que polo xogo do art.43 da Lei 30/92 sería acredor dun silencio negativo. Unha actividade con incidencia ambiental non podemos obviar que está actuando fronte ao dominio público. O lexislador autonómico entendemos non estivo hábil neste aspecto e foi mesmo contra a formulación xeral estatal do silencio.

Por outro lado non podemos obviar que as memorias moitas veces son concisas, xenéricas e nada claras, así que o interesado quede vinculado polas medidas correctoras nelas rexistradas (se hai algunha...) crea unha inseguridade innecesaria nesta materia de tamaño calado.

O art.42.6 dispón para as licenzas de actividades recreativas e de espectáculos públicos:

***“A tramitación de solicitude de licenza non poderá exceder de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude e da documentación anexa no concello, ata a resolución municipal, na que se comunican os requisitos e condicionantes técnicos. Transcorridos tres meses sen que o concello comunique a resolución ao interesado, entenderase que o proxecto presentado é correcto e válido a todos os efectos e poderá entender estimada por silencio administrativo a súa solicitude.”***



Este art. redunda no xa recollido con carácter xeral na Louga no seu art.195.5.

### 3. Autorizacións (ocupación de dominio público)

Estes supostos de ocupación de dominio, xa sexa mediante a instalación de terrazas anexas a establecementos públicos, contedores para depositar elementos de obras, carpas, etc. precisan como ben indican os arts.86 e 92 da Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, do **título habilitante da autorización**.

E estas autorizacións participan do suposto do art.43 da Lei 30/92, pois **a non resolución de solicitudes que outorguen facultades sobre o dominio público entenderanse denegadas**. Podemos dicir que serían a excepción ao criterio xeral do silencio positivo que impera na normativa actual.

Vennos á mente un suposto:

Un interesado desexa realizar obras “*menores*” que requiren a ocupación de vía pública mediante unha estada para levalas a cabo.

As obras requirirían a presentación dunha comunicación previa, mentres que para a ocupación de dominio público é preceptiva a autorización por parte do Concello.

Polo tanto o interesado como primeiro paso debería presentar solicitude de autorización ante o Concello e unha vez obtida, presentar esta coa Comunicación Previa e o resto de documentación necesaria.

Aínda que os Concellos poden establecer procedementos en que ambas as dúas figuras vaian á par no mesmo modelo de Comunicación Previa, ou outro tipo de solucións baseadas no principio de economía procesal para axilizar a tramitación.

Actualmente existe tal complexidade respecto ás actuacións que levan consigo silencio positivo ou negativo, que as Comunidades Autónomas están regulando mediante Lei todos os posibles supostos e para iso traemos a conto, simplemente a modo de curiosidade, a **Lei 7/2013, de 21 de novembro, de adecuación de procedementos administrativos e reguladora do réxime xeral da declaración responsable e comunicación previa de Castela a Mancha**, que no seu Anexo I recolle todas as posibles actuacións, prazos e efectos do silencio.

## 9 Inaplicación do Plan “Emprende en 3” nos Concellos de Galicia?

O Plan Emprende en 3 naceu para dar viabilidade á Lei 12/12 de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que estableceu a regulación a nivel estatal da tramitación das actividades “*inocuas*” que figuraban no seu Anexo.

A entrada en vigor da recente Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, fai inviable a aplicación do Plan en todos os Concellos de Galicia, xa que



esta normativa fai imposible tanto o cumprimento das condicións de uso, como incluso o mesmo documento de adhesión que asinan os Entes Locais.

A razón desta inaplicación é a instauración por parte da Lei 9/2013 da figura da **Comunicación Previa**, como única vía para a tramitación das actividades inocuas, mentres que o Plan Emprende en 3 establecía a Declaración Responsable.

A distinción entre ambas as dúas figuras foi realizada con brillantez por Razquin Lizarraga e Carlos Pérez González. Este último expón, ao noso modo de ver con acerto no seu artigo “*O novo réxime de intervención administrativa nas entidades locais de Galicia, tras a transposición da Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no Mercado Interior*”, a diferenciación e caracterización das figuras da Declaración Responsable e da Comunicación Previa:

*“A Lei nº 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, define no art. 3.º, o que se entende por “declaración responsable”:*

*“O documento subscrito pola persoa titular dunha actividade empresarial ou profesional no que declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante a súa vixencia”.*

*Así pois, a citada definición nin sequera esixe que se presente un certificado técnico de cumprimento da normativa de aplicación, se ben a nivel de ordenanza municipal e no desenvolvemento a lexislación estatal básica, nada impide que se estableza esta esixencia documental mínima, considerando que facilitaríala o control a posteriori.*

*Paradoxalmente a citada Lei nº 17/2009, non define o concepto de “comunicación previa” nas definicións contidas no art. 3º, aínda que o cita permanentemente, sendo este o acto mediante o que o prestador de servizos comunica á administración a súa intención de iniciar unha determinada actividade de prestación de servizos. Esta omisión vese paliada ao introducir a súa definición no ordenamento xurídico estatal o art. 71 bis.2º da Lei nº 30/1992, de 26 de novembro, na redacción outorgada pola Lei nº 25/2009, ao dispoñer:*

*“Aos efectos desta Lei, entenderase por comunicación previa aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido no artigo 70.1”.*

*Esa definición máis aberta do concepto de “comunicación previa”, vai ser o que permita articular na práctica, unha maior achega de documentación polo interesado. Este requisito parece de máis difícil esixencia na “declaración responsable”, onde o titular da actividade “declara baixo a súa responsabilidade” (art. 3.º Lei 17/2009).”*

A Lei 12/2012 parece non establecer ningún tipo de diferenciación de ambas as dúas figuras a teor do artigo 4 da mesma e do resto do articulado, remitindo ao artigo 71.bis da Lei 30/92 respecto á comunicación previa, pero nada di expresamente sobre a declaración responsable, co que volvemos a remitirnos ao exposto por Razquin e Pérez.

Aínda que existen evidencias na Lei 12/12, de que estamos ante 2 figuras diferentes. Concretamente o artigo 3.2. di:

**“2. Tampouco están suxeitos a licenza os cambios de titularidade das actividades comerciais e de servizos. Nestes casos será esixible comunicación previa á administración competente aos sos efectos informativos.”**

Polo tanto os cambios de titularidade están reservados á Comunicación Previa, non sendo posible a súa tramitación mediante Declaración Responsable.

A definición, características e documentación a achegar na Comunidade Autónoma Galega coa comunicación previa, vén regulado polo artigo 24 da nova Lei 9/2013:

*“Artigo 24. Comunicación previa*

1. *Con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, no seu caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/las interesados/las presentarán ante o concello respectivo **comunicación previa na que porán en coñecemento da administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a seguinte documentación acreditativa dos requisitos esixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación:***
  - a) *Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.*
  - b) *Xustificante de pagamento dos tributos municipais.*
  - c) *Declaración de que se cumpre con todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.*
  - d) *Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación.*
  - e) ***A autorización ou declaración ambiental que proceda.***
  - f) ***As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os requisitos necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.***
  - g) ***No seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na presente lei.”***

A Disposición adicional primeira da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos deixaba a porta aberta para a unificación e uniformidade tanto de modelos como de ordenanzas mediante a cooperación das distintas entidades administrativas.

*“Disposición adicional primera: Accións de colaboración coas administracións públicas*

1. *O Estado promoverá coa asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación a **elaboración dun modelo tipo de declaración respon-***

**sable e de comunicación previa, aos efectos previstos no Título I desta Lei, podendo convir as accións de colaboración que se estimen oportunas.**

2. *Así mesmo, no marco do Comité para a Mellora da Regulación das actividades de servizos, as administracións públicas cooperarán para promover a elaboración dunha ordenanza tipo en materia de actos de control e intervención municipal que terá en conta o contido do Título I desta Lei en relación coa actividade de comercio minorista.*”

Vemos como a disposición adicional previa a elaboración dun modelo tipo de declaración responsable e de comunicación previa, mais porén só o realizou no Plan Emprende en 3 respecto á primeira, deixando sen modelo tipo á comunicación previa.

Recentemente as condicións de uso da Plataforma víronse modificadas pola **Resolución de 20 de xaneiro de 2014**, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, que modifica a de 31 de maio de 2013, pola que se establecen as condicións de uso da Plataforma Electrónica de intercambio de información denominada «Emprende en 3».

A FEMP fíxose eco da citada resolución e publicou a circular 2/2014 que ten como asunto: **Todos os modelos de declaración responsable autonómicos poden incorporarse á Plataforma Emprende en 3.**

Traemos a conto os epígrafes actuais, tras a citada modificación, tanto do documento de adhesión como das condicións de uso do “*Emprende en 3*”, que non poden levarse a cabo pola contraposición citada coa actual normativa.

### **Documento de adhesión dos Entes Locais**

1. *Aceptar e empregar o modelo de declaración responsable adxunto como anexo a estas «condicións de uso», de conformidade coas previsións da Lei 12/2012, de 26 de decembro, de Medidas Urxentes de Liberalización do Comercio e de Determinados Servizos, así como as súas sucesivas modificacións. **No caso de que de acordo co establecido na disposición adicional décima da citada Lei, exista un modelo de declaración responsable específico e aprobado pola normativa autonómica correspondente, este será incluído na plataforma electrónica «Emprende en 3».***
2. *Non solicitará ningunha outra documentación que a mencionada no apartado*
3. *Adaptar a súa normativa propia ao novo marco xurídico establecidos pola Lei 12/2012, a cuxo efecto se porá á súa disposición a Ordenanza Tipo prevista e adoptada de acordo coa disposición adicional primeira número 2 da mesma, así como ás súas sucesivas modificacións.*

## Anexo

### Condicións de uso da plataforma electrónica «Emprende en 3»

*As entidades locais ás que se refire o artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, comprométense a observar as seguintes condicións de uso da pla-*

*taforma electrónica de intercambio de información prevista no proxecto de simplificación administrativa «Emprende en 3», aprobado por Acordo de Consello de Ministros de 24 de maio de 2013:*

1. *Aceptar e empregar o modelo de declaración responsable adxunto como anexo a estas «condicións de uso», de conformidade coas previsións das Leis 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos e, así como as súas sucesivas modificacións.*
2. *Non solicitar ningunha outra documentación que a mencionada no apartado anterior deste documento.*
3. ***Adaptar a súa normativa propia ao novo marco xurídico establecidos pola Lei 12/2012 a cuxo efecto se porá á súa disposición a Ordenanza Tipo prevista e adoptada de acordo coa disposición adicional primeira número 2 da mesma, así como ás súas sucesivas modificacións.***

O artigo 4 da Lei 12/12 parece establecer a Declaración Responsable como medida principal para a tramitación das actividades “inocuas”, sendo subsidiaria a Comunicación Previa. Tese que parece advenir o desenvolvemento realizado polo Plan Emprende en 3.

Porén a lexislación galega non só inverteu a orde de ambas as dúas figuras, senón que directamente desbotou a Declaración Responsable, aínda que a Disposición Final Sexta da Lei 9/13 deixa aberta a posibilidade da súa instauración a través do desenvolvemento regulamentario exposto con anterioridade no epígrafe V.

Esta habilitación normativa faculta a que eo futuro Regulamento que aprobe a Xunta de Galicia poida incorporar a declaración responsable como figura de tramitación, aínda que non debemos obviar que os regulamentos son desenvolvemento de leis, e a nova lei non recolle por ningunha parte a declaración responsable. De recollela o Regulamento, poderíamos estar ante a problemática de que non teña nin lexitimación nin cobertura xurídica para poder levalo a cabo.

Por outro lado fáculase ao Conselleiro de Economía e Industria a aprobar un modelo de comunicación previa por Orde, pero non de Declaración Responsable.

Por estes motivos faise sumamente complexa a aplicación do Plan Emprende en 3 en Galicia, xa que a nova regulación instaurada pola Lei 9/13 contraponse de raíz coa mesma.

O afán unificador e uniformador do lexislador estatal vólvese topar coa normativa aprobada polas diversas Comunidades Autónomas no ámbito das súas competencias.

A lei 9/13 non contradi a Lei 12/12, mais si a Resolución da Secretaría de Estado das Administracións Públicas que a desenvolve.

Isto fai pensar que o desenvolvemento normativo levado a cabo carece dunha boa técnica lexislativa, pois a opción entre dúas figuras diferentes, establecida pola Lei estatal, converxe nunha única proposta (a de declaración responsable) pola Resolución.

A pregunta xorde sobre que pasará cos Concellos Galegos que subscribiran o convenio de adhesión, o cal vincúalos xuridicamente coas condicións alí estipuladas.

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

Entendemos que en base aos principios *“rebus sic stantibus”* e *“pacta sunt servanda”*, os Concellos galegos asinantes estarían en disposición de aplicar estas excepcións ao negocio xurídico suscrito.

Consultada a Consellería de Economía e Industria, está en tramitación a adaptación da Comunicación Previa regulada na Lei 9/13 á Plataforma, para poder dar viabilidade á tramitación electrónica en todo o ámbito estatal, xa que como dixemos a día de hoxe esta só recolle o modelo de Declaración Responsable. Deste modo parece clara a intención de integrar todos os modelos que poidan establecer as Comunidades Autónomas á Plataforma estatal e dar así uniformidade a este ámbito.

## Bibliografía

<http://www.cmati.xunta.es/medio-ambiente-e-sostibilidade>

[http://www.seap.minhap.gob.es/es/servizos/emprende\\_en\\_3.html](http://www.seap.minhap.gob.es/es/servizos/emprende_en_3.html)

AAVV “La ordenación de las actividades de servicios: comentarios a la Ley 17/2009, de 23 de noviembre”, Dir. DE LA QUADRA-SALCEDO FERNÁNDEZ DEL CASTILLO, T. Aranzadi, Madrid, 2010.

AAVV “El impacto de la Directiva de Servicios en las Administraciones Públicas: Aspectos generales y sectoriales”. Dir. AUGADO i CUDOLA, V. e NOGUERA DE LA MUELA, B. Atelier, Madrid, 2012.

CHOLBI CACHÁ, MERINO MOLLINS, “Comentario crítico sobre la directiva de Servicios e de las leyes 17 y 25/2009 en aplicación de la misma: especial incidencia en el ámbito de las licencias urbanísticas y de actividad”.

MUÑOZ MACHADO, S. “Las transformaciones del régimen jurídico de las autorizaciones administrativas”, Revista Española de la Función Consultiva 17, núm. 14, xullo-decembro, 2010.

NOGUEIRA LÓPEZ, ALBA, “¿Reactivación económica o pretexto desregulador? Cambios en el control del acceso y ejercicio de actividades económicas y crisis”.

PAREJO ALFONSO L. “Acceso al mercado: incidencia de la directiva de servicios” Noticias de la Unión Europea, Nº 317, Sección Estudios y notas, Editorial Wolters Kluwer España. Xuño 2011.

PÉREZ GONZÁLEZ, CARLOS, “O novo réxime de intervención administrativa nas Entidades Locais de Galicia, tras a transposición de Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no Mercado Interior”.

PONCE SOLÉ, J., “¿Mellores normas?: Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior, calidade regulamentaria e control xudicial”, Revista de Administración Pública nº 180, setembro-décembro 2009, pp. 217-218.

RAZQUIN LIZARRAGA, "De la intervención administrativa previa al control a posteriori: la reforma del procedimiento administrativo común a consecuencia de la directiva de servicios", Revista Aranzadi Doctrinal, nº 2, maio 2010, pp. 127-128.

RIVERA ORTEGA, R.: "La transposición de la directiva de servicios: panorámica general y balance de su transposición en España". Noticias de la Unión Europea, Nº 317, Sección Estudios y notas, Editorial Wolters Kluwer España. Xuño 2011.

VILLAREJO GALENDE, H. "Licencias comerciales: su persistencia tras la Directiva de Servicios". Liberalización del Comercio Interior., nº 868. ICE. Setembro-Outubro 2012.

regap



ESTUDIOS E NOTAS